

## Sobre a “liberdade de elección” e o “equilibrio lingüístico” no ensino: análise empírica do discurso parlamentario galego sobre os decretos de distribución de linguas

Mario Gradín<sup>1</sup>

Recibido: 12 de marzo de 2021 / Aceptado: 15 de novembro de 2021

**Resumo.** O obxectivo principal deste traballo é realizar unha análise sobre o fundamento empírico dos argumentos que se empregaron en cinco debates parlamentarios arredor dos Decretos 124/2007 e 79/2010, os dous últimos que tratan a distribución de linguas no ensino non universitario de Galicia. Para comprender os motivos das diferenzas ideolóxicas e políticas que separan ambos os dous textos, elaboramos un estudo crítico de cinco debates parlamentarios en que se discuten estas cuestións e contrastamos os argumentos achegados con outras fontes secundarias de consulta, de maneira que poidamos comprender o contexto do debate sobre as linguas que se xerou en Galicia entre os anos 2007 e 2010.

**Palabras chave:** discurso político; política lingüística; normalización; lingua galega; ensino; decretos.

## [es] Sobre la “libertad de elección” y el “equilibrio lingüístico” en la enseñanza: análisis empírico del discurso parlamentario gallego sobre los decretos de distribución de lenguas

**Resumen.** El objetivo principal de este trabajo es realizar un análisis sobre el fundamento empírico de los argumentos empleados en cinco debates parlamentarios alrededor de los Decretos 124/2007 y 79/2010, los últimos que tratan la distribución de las lenguas en la enseñanza no universitaria de Galicia. Para comprender los motivos de las diferencias ideológicas y políticas que separan ambos decretos, elaboramos un estudio crítico de cinco debates parlamentarios en los que se discuten estas cuestiones y contrastamos los argumentos aportados con otras fuentes secundarias de consulta, de manera que podamos comprender el contexto del debate sobre las lenguas generado en Galicia entre los años 2007 y 2010.

**Palabras clave:** discurso político; política lingüística; normalización; lengua gallega; enseñanza; decretos.

## [en] About the “Freedom of Choice” and the “Linguistic Balance” in Education: an Empirical Analysis of the Galician Parliamentary Discourse About the Language Distribution Decrees

**Abstract.** The main objective of this research is to analyze the empirical base of the arguments that were used in five parliamentary debates about Decrees 124/2007 and 79/2010, the last two that determine the distribution of the two official tongues in Galician lower-level education (preschool to high school levels). To comprehend the reasons of the ideological and political differences that separate both decrees, we analyze five parliamentary debates where these topics are discussed, contrasting the arguments that are used in the interventions by the deputies with other sources, so that we can understand the context of the debate about languages that was present in Galicia between 2007 and 2010.

**Keywords:** Political Speech; Linguistic Policies; Linguistic Normalization; Galician Language; Teaching; Decrees.

**Sumario.** 1. Introducción. 2. Criterios metodolóxicos. 3. Resultados. 3.1. Sétima lexislatura. 3.1.1. Status xurídico do galego e do castelán: dereitos e deberes lingüísticos e a súa aplicación no eido educativo. 3.1.2. Dereitos e deberes lingüísticos e a súa relación cos usos. 3.1.3. “Equilibrio para garantir competencias”: o reparto lingüístico nas aulas do ensino obrigatorio. 3.1.4. Proporcionalidade lingüística e lingua vehicular na Educación Infantil. 3.1.5. A lexitimidade do Decreto 124/2007: o Plan xeral de normalización lingüística e as políticas compensatorias. 3.1.6. Mención aos

<sup>1</sup> Universidade de Vigo. Programa de Doutoramento de Estudos Lingüísticos.  
Correo-e: [mgradin@uvigo.es](mailto:mgradin@uvigo.es).

acordos internacionais: a Carta europea para as linguas rexionais e minoritarias. 3.2. Oitava lexislatura. 3.2.1. O marco lexislativo, a ruptura do consenso e o cambio de discurso. 3.2.2. A acción compensatoria da escola e o equilibrio horario. 3.2.3. O “monolingüismo” do Decreto 124/2007. 3.2.4. A liberdade de elección de idioma do alumnado. 3.2.5. O plurilingüismo e a incorporación de linguas estranxeiras ao currículo educativo do Decreto 79/2010. 3.2.6. O papel das familias no Decreto 79/2010. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

**Como citar:** Gradín, M. (2021): “Sobre a “liberdade de elección” e o “equilibrio lingüístico” no ensino: análise empírica do discurso parlamentario galego sobre os decretos de distribución de linguas”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 24, pp. 119-156, DOI: <http://dx.doi.org/10.5209/madr.80237>.

## 1. Introducción

Ao aprobarse a Constitución española no ano 1978, situada no medio dun período de transición democrática que pretendía deixar atrás os anos de ditadura franquista, abriuse a porta a unha diversidade cultural que se vira reprimida durante máis de catro décadas en España. No que ao ámbito das linguas atinxe, a entrada en vigor deste texto supuxo que as comunidades autónomas con linguas diferentes do castelán dispuxesen, deste xeito, dun marco normativo de referencia a nivel estatal no que se ampararen.

No primeiro punto do coñecido artigo 3 da carta magna establécese o castelán como a lingua oficial do estado, e sinálase ao mesmo tempo o seu deber de coñecemento por parte da cidadanía. Con todo, ademais da oficialidade do castelán e das responsabilidades lingüísticas da poboación española, outro dos aspectos que tamén se destacan neste artigo é a oficialidade das outras linguas faladas no estado, se así se recollían nos estatutos autonómicos de cada rexión, así como a necesidade do seu respecto e protección (Constitución Española 29/12/1978: 9). Finalmente, a isto engádeselle posteriormente o deber dos gobernos de cada rexión, tal e como se recolle no artigo 148, do “fomento da cultura, da investigación e, se é o caso, da lingua da comunidade autónoma” (*Ibid.*: 43).

Tres anos despois da entrada en vigor da Constitución, aprobábase o Estatuto de Autonomía de Galicia. Neste texto xa se manifesta unha diferenza de status de base entre o castelán e o galego, ao dispoñer o segundo do carácter de lingua de dereito de uso, mais non o deber de coñecemento, tal e como si ocorría co castelán (Estatuto de Autonomía de Galicia 28/04/1981: 8998). Esta desigualdade

xurídica, como veremos en varias ocasións ao longo deste traballo, tería unha notable influencia nas políticas de normalización lingüística desenvoltas ao longo das décadas posteriores, así como nas consecuencias que se obterían da súa aplicación.

Sexa como for, o certo é que coa aplicación do Estatuto a xa conformada Xunta de Galicia estableceu os principios legais básicos e concretos para o tratamento da lingua galega no país. No seu quinto artigo recóllese tal e como seguen:

### Artigo quinto.

Un. A lingua propia de Galicia é o galego.

Dous. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

Tres. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

Catro. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua. (*Ibid.*: 8997)

Artigo vinte e sete. No marco do presente estatuto correspóndelle á comunidade autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

Vinte. A promoción e o ensino da lingua galega. (*Ibid.*: 8999)

Segundo se extrae deste fragmento, o galego comparte co castelán o carácter de lingua oficial de Galicia, se ben aquel é o único considerado como o idioma propio do país. Por outra banda, ademais de destacarse o seu dereito de coñecemento e uso, tamén se indica a responsabilidade da Xunta de encabezar o proceso de dignificación e promoción desta lingua en tódolos ámbitos da sociedade, aspecto que xa vimos recollido na Constitución.

Dous anos despois da elaboración do Estatuto, aprobouse por unanimidade no Parlamento de Galicia a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que tiña como obxectivo último a adquisición dunha igualdade plena entre o castelán e galego nos principais ámbitos da vida pública: a administración, o ensino, os medios de comunicación (no que se inclúen todos os sectores relacionados coa cultura e o ocio, tales como a produción literaria e audiovisual), e a súa presenza no exterior. De entre todos eles, neste artigo centrámonos

no segundo. Sen lugar a dúbidas, este foi o contexto ao que foron dirixidas a maioría das medidas de normalización lingüísticas desenvolvidas polo goberno galego durante as décadas posteriores. Como xa afirmamos nun traballo anterior (Gradín 2020: 33), o eido educativo constitúe un dos “máis relevantes para garantir unha mellora dos usos, as competencias e as actitudes na lingua por parte das novas xeracións”, idea comunmente estendida entre os especialistas (Monteagudo, Loredo e Vázquez 2016: 201; Silva, Rodríguez e Vaquero 2010: 7). A continuación achegamos as partes máis destacables dos artigos 12, 13 e 14, dedicados a describir cales serían os principais obxectivos asumidos para o ensino, deixando constancia da importancia que se lle deu ao papel do galego nas aulas para acadar a devandita igualdade:

#### Artigo 12

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos.
2. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino, de acordo coas disposicións da presente Lei.
3. Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón de lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes.

#### Artigo 13

1. Os nenos teñen dereito a recibirlo seu primeiro ensino na súa lingua materna.

O Goberno Galego arbitrará as medidas necesarias para facer efectivo este dereito.

#### Artigo 14

1. A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en tódolos niveis educativos non universitarios.

Garantirase o uso efectivo deste dereito en tódolos centros públicos e privados.


[...]

3. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán. (Xunta de Galicia 14/07/1983: 1896)

Como se pode desprender do fragmento anterior, as principais características que definen o papel do galego no ensino son as seguintes: a)

o seu establecemento como lingua oficial de todas as institucións educativas; b) a delegación na Xunta de todas as responsabilidades relacionadas coa normalización do galego nos centros educativos; c) o dereito á escolarización inicial, correspondente á actual etapa de Educación Infantil, na primeira lingua dos discentes; d) a implantación da disciplina de Lingua galega e literatura como materia obrigatoria; e) a prohibición da separación do alumnado por razón de lingua; e f) o compromiso pola adquisición dun dominio semellante do castelán e do galego ao remate de cada ciclo educativo.

Porén, a pesar dos avances conseguidos coa aplicación da Lei de normalización (LNL de agora en adiante), o certo é que o seu grao de aplicación, ou nalgúns casos mesmo o seu cumprimento, dependerían das ordes, decretos, decretos reais, e demais disposicións legais derivadas dela. Neste senso, cómpre non esquecermos que a citada lei representa o texto de referencia de tódolos textos xurídicos centrados na cuestión lingüística, independentemente do ámbito sobre o que se estivese actuando (administración, sanidade, educación, etc). Ao tratarse de clasificar por orde de xerarquía todos os textos de carácter legal que se aplicaron en Galicia e España en materia de linguas, autores como Monteagudo e Bouzada (2002), Silva (2010b) e Janeiro e Alonso (2013) distinguen entre tres niveis de importancia, que nós optamos por representar mediante a estrutura piramidal que aquí segue:



Fonte: elaboración propia a partir de Monteagudo e Bouzada (2002), Silva (2010) e Janeiro e Alonso (2013)

De tódalas ordes e decretos que se desenvolveron dende o ano 1983, momento da entrada en vigor da LNL, ímonos centrar aquí nos que se trataba a o tratamento das linguas nos centros

de ensino<sup>2</sup>. Á súa vez, limitando aínda máis o noso campo de estudo, dentro desta categoría só mencionaremos aqueles nos que se recollía, polo menos, algún destes tres aspectos: a) a lingua empregada no primeiro ensino; b) a distribución de linguas por materias e o seu grao de presenza no resto de etapas de escolarización básica; c) as obrigas idiomáticas do profesorado e do alumnado nestes mesmos chanzos educativos. Así pois, e en orde cronolóxica, estes son os decretos e ordes sobre o tratamento das linguas na educación básica desenvolto pola Xunta de Galicia dende o 1983 ata a actualidade, amparados no marco da LNL:

1. Decreto 135/1983, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino a Lei 3/1983, de normalización lingüística.
2. Orde do 23 de setembro de 1983 pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, da Xunta de Galicia, sobre aplicación da Lei de normalización lingüística ó ensino.
3. Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.
4. Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
5. Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (actualmente en vigor).

A principal característica que se lle pode adscribir aos primeiros tres decretos desta lista é que se realizaban unhas políticas de normalización lingüística, en palabras de Anxo Lorenzo, “de baixa intensidade” (2005: 46). Por este motivo, ata ben entrados os anos dous mil non existía en Galicia un fomento suficiente do uso do galego no ensino que se acollese aos obxectivos recollidos máis de vinte anos atrás na LNL. De feito, as análises que se fixeron ao respecto<sup>3</sup> deixaron constancia de que, máis que a un verdadeiro compromiso pola dignificación

do idioma, estes decretos parecían responder a intereses partidistas, así como a unha vontade de evitar unha reacción negativa por parte dos grupos contrarios a unha normalización lingüística do galego máis intensa<sup>4</sup>. Por outra banda, a pesar de que durante máis de quince anos o uso do galego nos centros de ensino fora aumentando de maneira progresiva, o certo é que ao comezar o novo milenio o predominio do castelán nas aulas era evidente en todos os chanzos educativos.

Co obxectivo de mudar a situación social da lingua en todas as esferas do país, no ano 2003 representantes de todos os ámbitos da sociedade elaboraron o Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNL a partir de agora). Este documento, aprobado no 2004 de maneira unánime polas tres forzas políticas representadas naquel momento na cámara (o Partido Popular de Galicia, o Partido dos Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego), entendeuse como un fito histórico que marcou un antes e un despois no proceso de normalización do galego por dous motivos: a) por unha banda, a súa aprobación unánime constituía a consecución dun consenso histórico; e b) por outra, supoñía o texto máis exhaustivo feito en Galicia en materia de propostas de planificación e normalización lingüísticas en Galicia, co que se pretendía acadar a normalización da lingua en todo o conxunto do país.

Así pois, este texto inclúe máis de catrocentas medidas para promover o uso e a dignificación do galego nos seguintes ámbitos: a) administración e xustiza; b) ensino; c) medios de comunicación; d) economía; e) sanidade e ciencias; e f) sociedade. No que ao sector educativo atinxe, a precaria situación do galego nas aulas, aínda máis acentuada no eido da Educación Infantil (Xunta de Galicia 2006: 80-82), provocou que se propuxesen pautas de actuación baseadas nunha acción compensatoria da lingua galega, isto é, o feito de priorizar o uso deste idioma nas aulas para contrarrestar os privilexios e a posición dominante do castelán no resto de contextos da sociedade. Con

<sup>2</sup> Non obstante, non debemos esquecer que, no que á cuestión das linguas se refire, existen múltiples factores que se poden ter en conta, tales como a composición dos equipos de normalización lingüística, os usos idiomáticos da administración escolar ou os casos de exención de idioma para o alumnado estranxeiro, entre moitos outros. A nosa delimitación metodolóxica, polo tanto, en absoluto representa todo o campo de influencia que exercen os decretos e ordes sobre cuestións lingüísticas no ensino.

<sup>3</sup> Para un estudo máis exhaustivo das características dos decretos lingüísticos no ensino que se sucederon en Galicia durante os anos oitenta e noventa, véxase Monteagudo e Bouzada (2002: 52-60).

<sup>4</sup> As características e os motivos destas políticas “de mínimos” son analizadas en detalle por Subiela (2002: 131-171).

estas políticas positivas, pretendíase garantir o uso normalizado da lingua galega nestes contextos, de maneira que a escola axudase a equilibrar a desigualdade entre os dous idiomas que imperaba no resto de ámbitos.

De entre todas as medidas do plan propostas para o ensino, destacan as relacionadas cos usos e a distribución de linguas. Así, na Educación Primaria, na Educación Secundaria Obrigatoria e no Bacharelato destinábase para o uso de galego un mínimo do 50% das horas totais de cada curso, coa obriga adicional de que o alumnado empregase o galego como a lingua vehicular nas materias destinadas ao uso, isto é, o idioma utilizado tanto na realización de probas e exercicios como na interacción cos compañeiros e o profesorado (*Ibid.*: 103-104). Por outra banda, na Educación Infantil garantíase que, ao igual que nos outros niveis de ensino, o galego estivese presente nun mínimo do 50% do horario, e incorporando tamén o uso desta lingua a través de actividades de iniciación á lectoescritura (*Ibid.*: 102). Con estas medidas, pretendíase que todo o alumnado galego tivese unha entrada suficiente neste idioma, con independencia de cal fose a súa lingua inicial ou habitual.

A pesar de que o texto non dispuxese dun status legal propiamente dito, o certo é que só tres anos despois da súa aprobación contou cunha aplicación real. Tralas eleccións autonómicas do ano 2005, a coalición de goberno entre o Partido dos Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego (PSdG e BNG de agora en adiante) desenvolveu o *Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo* (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 29/06/2007: 11247-11251), considerado como o texto legal que introduciu o maior uso do galego nas aulas de todos os que estiveron en vigor ata a actualidade. A grandes trazos, este decreto aplicou as principais pautas de actuación do plan que foran deseñadas para o ensino, ata o punto de chegar a contar entre as súas liñas con fragmentos literais do devandito texto. Xa que logo, mediante un uso maioritario do galego na escola este decreto establece unha compensación da desigualdade imperante entre a lingua propia de Galicia e o castelán no resto na sociedade, acolléndose ao consenso acadado polas forzas políticas tres anos atrás.

Porén, este decreto de distribución de linguas, que se pode considerar como o que realizou un maior avance cara á normalización da lingua galega no ensino, foi tamén o que estivo en vigor a menor cantidade de tempo. Trala

vitoria do Partido Popular de Galicia (PPdG de agora en adiante) nas eleccións galegas do 2009, o novo Executivo derogou o devandito decreto e substituíuno polo *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 25/05/2010: 9242-9247). A aplicación deste decreto representa un retroceso do proceso de normalización lingüística aplicado nas aulas por primeira vez en case trinta anos (Consello da Cultura Galega 2010: 7-8; Real Academia Galega 2010: 3), pois con independencia do feble dos seus principios, tódolos decretos lingüísticos que se sucederan nos anos oitenta e noventa caracterizáronse por facer unha introdución progresiva do uso do galego nas aulas.

En esencia, os dous principais trazos definitivos deste texto consisten na anulación de tódalas medidas favorables ao uso prioritario do galego que se fixeran co Decreto 124/2007, por unha banda, e no retroceso a un tratamento lingüístico similar ao do Decreto 247/1995, por outro. Así, coa nova lexislación, na Educación Primaria, na Educación Secundaria Obrigatoria, no Bacharelato e nos ciclos formativos a porcentaxe de materias impartidas en lingua galega non pode superar nunca o 50%, que mesmo se pode ver reducida ao 33% no caso dos centros con proxectos plurilingües que incorporen un idioma estranxeiro como a terceira lingua vehicular do currículo educativo (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 25/05/2010: 9246-9247). Ademais, a obriga de empregar o galego como lingua vehicular nas materias respectivas tamén se elimina (a excepción da propia disciplina de Lingua galega e literatura), mentres que na Educación Infantil se volve ao antigo procedemento de usar a lingua predominante no alumnado, xa presente no texto do 95 (*Ibid.*: 9246).

Despois do visto nos parágrafos anteriores, queda de manifesto que as características dos dous últimos decretos de distribución de linguas fan que difran radicalmente entre si, presentando un tratamento do galego completamente distinto no ensino. Mentres que o Decreto 124/2007 priorizaba o uso do galego nas aulas, ao consideralo como unha medida compensatoria da desigualdade imperante entre as dúas linguas oficiais no resto da sociedade, o Decreto 79/2010 efectuaba unha distribución a partes iguais, facendo un tratamento do galego á par có castelán, e ignorando deste xeito a súa situación de lingua minorizada e nunha situación de desvantaxe.

Durante os tres escasos anos en que estivo en vigor o Decreto 124/2007, así como no período inmediatamente posterior á substitución deste texto polo Decreto 79/2010, xerouse en Galicia un debate e unha controversia sobre o idioma nunca vividos ata o momento, e que se debían principalmente ao tipo de distribución lingüística que se fixera cun decreto e con outro. Dende os partidos políticos, pasando pola influencia exercida polos medios de comunicación e chegando aos movementos e accións desenvoltas por diferentes organizacións do colectivo social, a cuestión do papel do galego no ensino ocupou unha parte importante do discurso da campaña preelectoral, que derivaría na vitoria do PPdG nas xa mencionadas eleccións autonómicas do 2009. Tal e como afirma Silva,

Durante este tempo aviváronse tensións, seguramente xa latentes, pero que se utilizaron de xeito pouco responsable na disputa política e que converteron o idioma un campo de discordias e desavinzas. Coa amplificación moitas veces interesada dos medios de comunicación, pasouse dun suposto consenso a unha polarización na cuestión idiomática que se traduciu en manifestos e contramanifestos, na aparición de colectivos para canalizar esas tomas de postura contrapostas e tamén en mobilizacións sociais de dimensións descoñecidas ata ese momento neste eido. (2010b: 39)

Vista a importancia que se lle deu á cuestión lingüística no debate público destes anos, neste traballo pretendemos analizar unha parte do discurso que se xerou arredor da aplicación dos dous decretos, co obxectivo de comprobar o fundamento empírico dos argumentos empregados ao respecto. Posto que a totalidade do corpus representa un obxecto de estudo demasiado extenso e ambicioso para os obxectivos que formulamos aquí, optamos por centrarnos unicamente no discurso político. Así, mediante a análise de diferentes debates que tiveron lugar no Parlamento de Galicia entre os anos 2007 e 2010, contrastamos as ideas expresadas polos deputados que naquel momento estaban representados na cámara autonómica, isto é, o PPdG, o BNG e o PSdG, con outras fontes de

consulta, para comprobar a veracidade dos argumentos usados neste período.

Á hora de presentarmos os contidos manexados ao longo deste estudo, decidimos estruturar a información en cinco capítulos: a) a presente introdución; b) os criterios metodolóxicos seguidos; c) o propio capítulo de resultados, o corpo principal do traballo; d) as conclusións obtidas do estudo dos debates; e e) o capítulo coas referencias bibliográficas usadas ao longo da investigación.

## 2. Criterios metodolóxicos

Como destacamos na introdución, un dos motivos polos que a nosa análise se reduce ao eido político débese á inxente cantidade de discursos sobre os decretos que se xeraron non só neste ámbito, senón tamén no mediático e no social. Son numerosas as entrevistas, os manifestos, as noticias e derivados que se xeraron arredor dos dous textos, polo que nós unicamente nos centraremos nas discusións sobre os decretos que tiveron lugar no Parlamento de Galicia entre os anos 2007 e 2010, ao consideralos como o período no que o debate sobre as linguas cobrou maior intensidade. Con todo, recorreremos en varias ocasións ás achegas dos ámbitos mediático e social, alén das estritamente xurídicas e sociolingüísticas, para contrastar a información e as ideas expresadas polos deputados nas súas intervencións.

Á hora de recompilarmos o corpus, empregamos o *Diario de sesións* que está dispoñible en liña na páxina web do Parlamento de Galicia<sup>5</sup>. No cadro de busca inserimos os termos *lingüística*, *normalización*, *decretos* e *galego* para asegurarnos de que nos resultados ían figurar tódolos debates parlamentarios (xa fosen estes resolucións, interpelacións, mocións, propostas e derivados) nos que se tratasen cuestións de índole lingüística. Ademais, para acoutar aínda máis a nosa delimitación do corpus, unicamente optamos por analizar aqueles debates nos que no título aparecía especificado o nome de calquera dos dous decretos<sup>6</sup>. Despois de aplicar este criterio, o número de sesións parlamentarias obtidas quedou reducido a

<sup>5</sup> <https://www.parlamentodegalicia.gal/Buscador/Boletins>.

<sup>6</sup> Téñase en conta que se ben a cuestión das linguas pode ser tratada de maneira indirecta en calquera dos debates realizados no Parlamento, aquí centrarémonos unicamente aqueles dedicados exclusivamente aos dous últimos decretos de distribución de linguas.

cinco. A continuación amosamos o título oficial e a data na que se celebrou cada un:

- Sesión do 12 de setembro do 2007: Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijóo e tres deputados máis, sobre a modificación do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema non universitario de Galicia, incorporando todas as recomendacións do Ditame elaborado polo Consello Consultivo de Galicia (Parlamento de Galicia 12/09/2007: 39-48).
- Sesión do 24 de xuño do 2009: Interpelación de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a posición do Sr. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no referente ao cumprimento do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (Parlamento de Galicia 29/06/2009: 82-93).
- Sesión do 10 de febreiro do 2010: Interpelación de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. Do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria sobre o denominado Decreto do plurilingüismo (Parlamento de Galicia 10/02/2010: 62-74).
- Sesión do 23 de febreiro do 2010: Moción do G.P. Do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a retirada das Bases para a elaboración do Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (Parlamento de Galicia 23/02/2010: 70-78).
- Sesión do 12 de maio do 2010: Interpelación do G.P. Dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do conxunto de informes e análises contrarios ao novo marco normativo do proxecto de Decreto de plurilingüismo (Parlamento de Galicia 12/05/2010: 40-51).

Por outra banda, a análise dos debates está dividida de maneira cronolóxica, pois distinguimos entre a única sesión do debate sobre o Decreto 124/2007 que tivo lugar durante a sétima lexislatura, cando gobernaba a coalición entre o PSdG e o BNG, dos outros catro integrados na oitava, momento no que PPdG recupera o mando da Xunta e as outras dúas forzas políticas volven formar parte da oposición. Non obstante, se ben facemos unha distinción cronolóxica neste nivel de estruturación inicial, optamos por realizar unha clasificación de contidos de segundo nivel na que os argumentos de tódolos debates se tratan de

maneira conxunta, no canto de facer un estudo individual que podería derivar nunha repetición constante de ideas e, por conseguinte, nunha análise redundante en exceso. Con este criterio podemos observar que ideas e argumentos coinciden entre os textos, ademais de obter unha visión xeral das diferenzas ou semellanzas entre os discursos da sétima e a oitava lexislatura.

En último lugar, tamén cremos necesario incidir no carácter contrastivo deste estudo. Ao pretender comprobar a validez empírica dos argumentos expostos nos debates integrados no corpus, acudiremos a outras fontes de información que podemos dividir en catro categorías: a) as estritamente científicas, consistentes primordialmente en traballos de investigación e divulgación sociolingüística; b) as de carácter lexislativo ou xurídico, como poden ser os textos dos propios decretos ou sentenzas xudiciais, entre outras; c) as mediáticas, principalmente asociadas a entrevistas, noticias ou artigos de xornais; e d) as pertencentes ao ámbito social, tales como manifestos, declaracións de principios de organizacións e sindicatos, etc.

### 3. Resultados

O goberno da coalición do BNG e do PSdG da sétima lexislatura formouse dende o mes de agosto do ano 2005 ata abril do ano 2009. Polo tanto, a sesión plenaria do 12 de setembro do 2007 é a única, das cinco que conforman o noso corpus de análise, que se sitúa neste período; as sesións restantes intégranse na oitava, na que o PPdG era novamente a forza gobernante. Ao longo das seguintes páxinas analizaremos diversos fragmentos dos debates sobre os decretos que se produciron durante ambas as dúas lexislaturas, creando seccións específicas para analizar os argumentos máis importantes que vertebraron o discurso do goberno e da oposición. Deste xeito, cada lexislatura conta cunha serie de epígrafes onde realizamos o que se podería denominar *análise de contidos*, onde contrastamos as ideas expresadas polos deputados con outras fontes de consulta para comprobar a súa veracidade e validez empírica.

#### 3.1. Sétima lexislatura

Sen lugar a dúbidas, a gran cantidade de aspectos susceptibles de análise que se poden extraer da sesión plenaria celebrada o 12 de setembro do 2007 compensa o feito de que este sexa o único debate da lexislatura exclusivamente centrado no Decreto 124/2007. Nesta sesión, o

PPdG fixera unha Proposición non de lei coa que intentaba modificar algúns dos puntos recollidos deste decreto, en vigor naquel momento. Estes puntos consistían, principalmente, na xa mencionada introdución compensatoria do galego a través dun mínimo do 50% do horario escolar, por unha banda, e a obrigação por parte do alumnado de empregar esta lingua como vehicular nas materias destinadas ao seu uso, por outra (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 29/06/2007: 11251). Pese a que estes puntos do decreto estaban baseados no establecido para o ensino no PXNLG, aprobado por unanimidade baixo o goberno de Manuel Fraga tan só tres anos antes de producirse este debate, nos meses previos á súa entrada en vigor este mesmo partido realizou un cambio radical da súa postura sobre o papel do galego nas aulas. Para situármolos en contexto, pode resultar esclarecedor este fragmento dunha nova de *La Voz de Galicia* na que se recollen as declaracións de Celso Currás, membro do PPdG e Conselleiro de Educación durante a sexta lexislatura, acerca do Plan que se acabara de aprobar:

O conselleiro do PP –partido político da dereita conservadora– presentou onte en Santiago o Plan xeral de normalización da lingua galega, un documento técnico que conta co apoio unánime dos tres partidos maioritarios en Galicia: a dereita do PP, a socialdemocracia do PSOE e o nacionalismo de amplo espectro do BNG. [...] O conselleiro Celso Currás non dubidou en afirmar que «hoxe é un día grande para todos os galegos». [...] O conselleiro de Educación destacou que se trata dun plan consensuado «polas principais forzas políticas e sociais, e no que tecnicamente interviron de maneira directa máis de setenta profesionais». [...] Para o conselleiro Celso Currás, non só se trata de superar un vello «complexo de inferioridade» senón de manter a lingua viva «nunha situación de igualdade entre ambos os dous idiomas oficiais (galego e castelán) sen que se estableza unha competencia entre eles». (Cristobo 2005: 48)

Esta actitude favorable ao PXNLG manteríase ata os meses previos á entrada en vigor do Decreto 124/2007, baseado no propio Plan. En febreiro do ano 2007, cando o texto se atopaba en fase de elaboración, a deputada do PPdG Manuela López Besteiro, que de feito é unha das políticas que intervén no debate desta

lexislatura (ademais de ser unha das responsables da Proposición non de lei que foi presentada para tentar modificar o decreto) fixera unhas declaracións favorables ao decreto promovido polo goberno de coalición:

Finalmente, a diputada popular de educación, Manuela López Besteiro, recordó que el PP impulsó la lengua cuando estaba al frente del gobierno con dos instrumentos como son la ley y el plan de normalización, «e parecíanos que era necesario seguir acadando o consenso». López Besteiro apuntó que el decreto garantiza el equilibrio de las dos lenguas tanto en el número de horas como en el de materias, «*e garante a competencia lingüística nas dúas linguas*». (Álvarez 2007; o itálico é noso)

Non obstante, tras realizar un cambio radical no seu discurso, a política Manuela López Besteiro (PPdG) foi enumerando nas súas intervencións os motivos polos que o seu grupo mantiña esta nova postura contraria ao decreto. Do mesmo xeito, durante as quendas de réplica, os deputados Bieito Lobeira Domínguez e Carme Adán Villamarín (BNG), por un lado, e o deputado Guillermo Meijón Couselo (PSdG), por outro, reaccionaron en contra dos argumentos empregados pola parlamentaria popular, acolléndose ao amparo lexislativo do Decreto 124/2007 e defendendo a súa lexitimidade.

### 3.1.1. Status xurídico do galego e do castelán: dereitos e deberes lingüísticos e a súa aplicación no eido educativo

Xa durante os primeiros minutos da súa intervención nesta Proposición non de lei, a parlamentaria López Besteiro (PPdG) manifesta a súa oposición cara ao decreto 124/2007. Os argumentos que emprega ao respecto van ser repetidos con frecuencia non só por esta deputada, senón polos outros parlamentarios do PPdG que participaron nos debates da oitava lexislatura que se integran no noso corpus. O primeiro deles fai referencia ao incumprimento que se fai neste decreto do establecido no ditame 366/2007 do Consello Consultivo, no cal se considera que este non é xustificable debido ao marco lexislativo vixente:

[López Besteiro] Señorías<sup>7</sup>, o 29 de xuño se publicaba o Decreto 124, que regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, e saíu,

<sup>7</sup> Tódolos fragmentos dos debates parlamentarios que se achegan neste traballo están recollidos de maneira literal das transcripcións dispoñibles na páxina web do Parlamento de Galicia.



a pesares do intento do Grupo Parlamentario Popular, sen consenso, por primeira vez en moitos anos neste país. E o decreto pretende desenvolver a Lei de normalización e o Plan de normalización que foron aprobados e impulsados polos gobernos do Partido Popular. Pero ten, señorías, eivas moi serias e non se axusta de ningún xeito ao ditame do Consello Consultivo, que é o órgano de interpretación lexislativa de Galicia, equivalente ao Consejo de Estado, e que di claramente que este decreto non se axusta a dereito. (Parlamento de Galicia 12/09/2007: 39)

Se consultamos o ditame do Consello Consultivo ao que se refire a política, atopámonos con que o órgano adopta un discurso moi semellante ao empregado polo PPDG ao longo dos anos posteriores para criticar o Decreto 124/2007. En esencia, faise alusión a un abuso de poder por parte do goberno bipartito: ao non existir na lexislación lingüística vixente un deber explícito de uso do galego, tanto o trato prioritario do galego nas aulas como a obriga do seu uso por parte do alumnado representarían medidas ilexítimas que atentaban contra o modelo de “conxunción lingüística” que, en teoría, caracterizara ao decreto anterior (o *itálico* é noso):

Hai que advertir ademais, nesta orde de cousas, que o desenvolvemento do proxecto lingüístico do centro pode desvirtuar a natureza do modelo, transformando o que é un sistema de fomento e *conxunción lingüística*, que defende, con carácter xeral, este proxecto, noutro modelo de índole diferente, de *inmersión obrigatoria* para eses centros, podendo comprometer o *equilibrio* do sistema actualmente deseñado. (Consello Consultivo de Galicia 2007)

A impartición desas materias en lingua galega actualiza a potestade organizatoria do sistema de ensino que corresponde aos poderes públicos, e como xa se indicou fronte a tal determinación non é oponible un pretendido dereito a recibir a educación nunha soa lingua de xeito exclusivo, mais o ámbito decisorio dispoñible para o regulamento esgótase no eido da impartición das materias, pois o uso da lingua como instrumento vehicular non está suxeito á avaliación directa nesas materias, e a imposición do seu uso a través dun mandato directo con reserva de excepción –non especificada por certo no texto do decreto– *choca coa inexistencia dun deber estatutario ou legal de uso do galego*, polo que os alumnos poden invocar o seu dereito ao emprego da súa lingua de preferencia entre aquelas que son oficiais. (*Id.*)

O primeiro dos aspectos que deben ser comentados ao respecto está relacionado con ese pretendido “equilibrio” do modelo anterior ao

que fai referencia o Consello Consultivo no ditame. Tendo en conta a denotación deste termo, cabería supoñer que o Decreto 275/1995, o inmediatamente anterior ao 124/2007, facía un tratamento igualitario, dende unha perspectiva puramente cuantitativa, das dúas linguas oficiais. Porén, o certo é que neste texto, que entrou en vigor durante o mandato de Manuel Fraga, o uso do galego quedaba reducido a dúas áreas de coñecemento, equivalente a menos dun terzo do horario de cada curso (Consejería de Educación e Ordenación Universitaria 14/09/1995: 2-3).

Visto o anterior, e lembrando o feito de que cada novo decreto de distribución de linguas introducía un leve aumento do uso do galego respecto do anterior, podemos afirmar que ese modelo de conxunción lingüística defendido polo Consello non chegara a existir ata a entrada en vigor do Decreto 124/2007, que se ben admitía un uso do galego superior á metade, recollía que a porcentaxe de presenza mínima desta lingua debía ser un 50%, podéndose empregar o castelán na outra metade do horario se así o decidían os centros de ensino.

Por outra banda, a crítica que fai o Consello sobre o deber do uso do galego por parte do alumnado tamén se atopa no discurso da deputada López Besteiro. En esencia, a política do PPDG afirma que a obriga de uso desta lingua supón unha discriminación do castelán, ao non existir para este o mesmo deber. Ademais, tamén merece especial atención a mención, tanto por parte desta política como do propio Consello Consultivo, do Tribunal Constitucional (TC a partir de agora), que como se sabe dispoñen dunha autoridade legal da que o Consello Consultivo carece (o *itálico* é noso):

[López Besteiro] Outro aspecto importante é que o uso obrigatorio do galego nas materias que se imparten en lingua galega por parte dos alumnos di textualmente: “non ten cobertura legal, de acordo cas resolucións do Tribunal Constitucional”. E conclúe que non é conforme a dereito e que, por tanto, establécese unha situación de *inseguridade xurídica* importante, o que nos parece a nós que non é desexable para Galicia, que non é desexable para o sistema educativo. (Parlamento de Galicia 12/09/2007: 40)

Tal e como se desprende do fragmento anterior, se ben a deputada non chega a falar dunha ilegalidade explícita coa aplicación do decreto, si emprega outras expresións que resultan máis ambiguas e moderadas, pero que cuestionan a súa lexitimidade co establecido na lexislación

vixente: referímonos á parte destacada por nós de “inseguridade xurídica”. En cambio, o Consello Consultivo si chega a mencionar unha falta de “cobertura legal”, amparándose para iso no establecido polo Tribunal Constitucional, ademais de falar dun “baleiro normativo” que estableza un deber específico do uso do galego. En calquera caso, ao non figurar na Constitución nin no Estatuto de Autonomía a obriga do coñecemento do galego, para o Consello isto representa un motivo suficiente como para permitir a libre elección de idioma por parte do alumnado: “os alumnos poden invocar o seu dereito ao emprego da súa lingua de preferencia entre aquelas que son oficiais” (Consello Consultivo de Galicia 2007).

Para comprobar se o deber do uso do galego non ten amparo legal, recorreremos aquí a unha das sentenzas que se fixeron a respecto do Decreto 124/2007. Dous meses despois da celebración da sesión plenaria que aquí se analiza, a Asociación Gallega para la Libertad de Idioma (AGLI de agora en adiante) interpuxo un recurso ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia co que se pretendían impugnar varios dos artigos do Decreto 124/2007, entre os que destacaba o uso do galego como a lingua habitual da administración educativa, por un lado, e o deber do alumnado de empregar este idioma como vehicular nas materias destinadas ao seu uso, por outro (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 29/05/2007: 11247; 11249). No que á distinción entre os deberes e os dereitos lingüísticos respecta, esta asociación defendía que a obriga de empregar o galego vulneraba o principio de igualdade entre as dúas linguas oficiais, ao non existir a mesma obriga para o emprego do castelán, e sen a posibilidade de que puidesen escoller a lingua na que estudaban os seus fillos. Esta idea recóllese na sentenza 01084/2007 elaborada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG de agora en adiante) como resposta a este recurso (a tradución é nosa):

Considera a demandante que tamén neste caso se vulnera a igualdade por razón de lingua ao impoñer aos nenos a obriga positiva do uso da lingua galega e ao non establecer reciprocamente que nas áreas, materias ou módulos que teñan que impartirse en lingua castelá o alumnado teña que usar con carácter xeral a devandita lingua

nas manifestacións oral e escrita. (Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 21/11/2007: 6)

Con todo, tras expoñer as causas do mencionado recurso interposto por AGLI, o Tribunal remataría denegándoo, ao considerar que a discriminación positiva da lingua que se facía no Decreto 124/2007 era lexítima por dous motivos principais: a) esa priorización do galego respondía aos preceptos recollidos no Plan xeral de normalización, aprobado por unanimidade por todas as forzas políticas representadas na Cámara; e b) tal e como se recollía no plan, para acadar esa igualdade resulta lexítimo e necesario destinar o uso do galego nunha parte significativa do currículo, e o feito de que o castelán estivese presente nunha cantidade inferior de horas non implicaba a súa discriminación (*Ibid.*: 6-8).

Tendo en conta o resultado desta sentenza, todo parece indicar que a ausencia dun deber explícito de uso do galego na Constitución ou no Estatuto de Autonomía non implica que non se poida establecer esta obriga para o ámbito educativo, ao actuar en consonancia cos principios de normalización lingüística aprobados por consenso; varias sentenzas elaboradas polo TC nas décadas dos oitenta, noventa e os anos dous mil<sup>8</sup> parecen apoiar a seguinte idea. De entre todas elas, destaca a 337/1994, tamén mencionada polo TSXG na propia sentenza 01084/2007, acerca dun recurso de inconstitucionalidade interposto á Lei de normalización lingüística catalá co que se pretendía eliminar, tal e como acontecería posteriormente co Decreto 124/2007, o factor de obriga de uso da lingua propia nas materias destinadas ao emprego desta (a tradución é nosa):

Este modelo de conxunción lingüística que inspira a Lei 7/1983, do Parlamento de Galicia, é constitucionalmente lexítimo en canto responde a un propósito de integración e cohesión social na Comunidade Autónoma, calquera que sexa a lingua habitual de cada cidadán. Ao igual que é lexítimo que o catalán, en atención ao obxectivo da normalización lingüística en Cataluña, sexa o centro de gravidade deste modelo de bilingüismo, sempre que isto non determine a exclusión do castelán como lingua docente, de forma que quede garantido o seu coñecemento o uso no territorio da Comunidade Autónoma. (Tribunal Constitucional 23/01/1995: 50-51)

<sup>8</sup> Para unha análise máis exhaustiva sobre as sentenzas xudiciais máis relevantes sobre a cuestión lingüística nas aulas e a súa relación cos deberes constitucionais, véxase Villares (2010: 9-56).

En esencia, e con independencia dos deberes e dos dereitos recollidos para cada lingua na Constitución e no Estatuto, calquera modelo de distribución de linguas que sitúe á lingua propia como o núcleo do proceso de aprendizaxe resulta lexítimo, sempre e cando responda aos obxectivos de normalización lingüística asumidos por esa Comunidade Autónoma e siga habendo espazo para a aprendizaxe do castelán (Núñez 2003: 340).

Volvendo ao contexto galego, é ben coñecido o artigo 14.3 da LNL, onde se destaca que ao remate de cada ciclo educativo o alumnado galego debe ter unha competencia lingüística en galego equiparable ao castelán (Xunta de Galicia 14/07/1983: 1896). Se asumimos a idea de que para acadar este obxectivo, e por extensión unha normalización plena do galego no eido educativo, débese efectuar unha discriminación positiva deste idioma, ningún dos puntos que se trataron ata agora do Decreto 124/2007 actuaría de costas á lei. Indo aínda máis lonxe, pódese afirmar que a idea da compensación dun idioma para acadar a igualdade como meta é un aspecto que ten amparo constitucional. Esta idea está recollida na análise que a Real Academia Galega fixo sobre as bases do que sería o futuro Decreto 79/2010 (o *italico* é noso):

O segundo concepto, tamén solidamente asentado na lei e na xurisprudencia, é a *discriminación positiva para corraxir desigualdades históricas*: os poderes públicos están obrigados a removeiren os obstáculos que impidan ou dificulten a plenitude dos individuos (Constitución 9.2.) e, *cando as desigualdades teñen o peso do tempo, a Administración debe facer unha discriminación positiva a prol do marxinado*. En palabras simples, *quere dicir tratar igual o igual; pero desigual o desigual* [...] Sendo as dúas linguas un patrimonio que a Constitución manda gardar, é obvio que hai que facer un esforzo tamén *asimétrico* na protección e fomento da lingua en dificultades. A Xunta de Galicia non pode dubidar se implanta ou non na súa política pública medidas de igualdade; e o carácter progresivo da Lei de Normalización e a persistencia da desigualdade tampouco permiten discutir se agora toca freala. Aquí xorde a necesidade de leis correctoras coma a Lei de Normalización lingüística, que obrigan o Poder Público a poñer en marcha progresivamente *medidas de acción positiva que muden a situación de desigualdade*. *A igualdade é un punto de chegada*. (Real Academia Galega 2010: 6, 7)

Non obstante, e independentemente do que se expón, todo o consenso sobre o papel do ensino na normalización lingüística que se acadara

trala aprobación do Plan foi completamente rachado coa aplicación do Decreto 79/2010. Aprobado tres anos despois de producirse este debate, con este decreto o goberno de PPdG eliminou calquera tipo de priorización do uso do galego nas aulas, afirmando que o que se pretendía era garantirlle ao alumnado o factor dunha liberdade lingüística que lle fora negada no decreto anterior; este argumento xa fora empregado con frecuencia polos sectores contrarios ao Decreto 124/2007 durante o tempo en que este estivo en vigor. Na seguinte epígrafe centrarémonos en tratar esta cuestión, parte importante do discurso da deputada que analizamos ao longo destas páxinas.

### 3.1.2. Dereitos e deberes e a súa relación cos usos lingüísticos


Se ben a parte do debate sobre as liberdades e as obrigas lingüísticas xa foi tratada na epígrafe anterior, ata o de agora só foi analizada dende unha perspectiva estritamente xurídica; noutras palabras, a deputada López Besteiro denunciou que ao seu xuízo o Decreto 124/2007 non dispoñía dun amparo legal que lexitimase a obriga do alumnado de empregar o galego nas materias destinadas ao seu uso. Non obstante, neste debate a política tamén fixo referencia a esta cuestión para defender o suposto dereito individual do alumnado para usar o idioma da súa preferencia (así como dos pais na Educación Infantil para decidir a lingua que o profesorado debía empregar cos seus fillos e fillas), ademais de suxerir que co modelo actual se tentaba modificar os usos lingüísticos do alumnado “*á forza*” (o *italico* é noso):

[López Besteiro] Señorías, eiquí todos defendemos os dereitos das linguas. O outro día defendíase nesta cámara, na Comisión, os dereitos da lingua mapuzungún ou mapuche. Nos parece máis ou menos ben, pero o certo é que *os dereitos lingüísticos non poden nunca nun país democrático estar por riba dos dereitos das persoas: dos nenos, pais e profesores*. [...] *Garantía de liberdade de uso das dúas linguas polos alumnos en redaccións, exames, etc*, excepto, loxicamente, nas materias que son de lingua castelá e de lingua galega, para defender a liberdade e *para evitar nalgún caso tentacións de modificar os hábitos lingüísticos á forza*, e me entenden. Porque, miren, si o galego acaba sendo algo imposto, acabará sendo algo odiado, polo menos por algúns. (Parlamento de Galicia 12/09/2007: 40)

Se non temos coñecemento da situación sociolingüística de Galicia e nos limitamos a reflexionar o expresado por López Besteiro nesta

intervención, podería parecer que, en efecto, o desexable para calquera sociedade democrática reside na devandita liberdade de elección de lingua, tanto dentro como fóra da escola. Porén, o certo é que illar o debate sobre as linguas no ensino do marco social e lexislativo que o rodea, non deixa de representar unha falta de obxectividade que agocha unha realidade máis complexa, a cal tentaremos describir brevemente nos seguintes parágrafos.

De acordo cos principais estudos sociolingüísticos realizados en Galicia nas dúas últimas décadas, un dos datos aos que se lle concede maior importancia é a ruptura da transmisión xeracional do galego, así como unha redución drástica do seu uso nas xeracións máis novas. Segundo os resultados fornecidos polo Instituto Galego de Estatística na súa Enquisa estrutural a fogares (IGE de agora en adiante), en menos de vinte anos o emprego desta lingua como o idioma único ou habitual por parte da poboación de entre 5 e 14 anos decaeu uns 14 puntos (Instituto Galego de Estatística 2003, 2008, 2013 e 2018). No seguinte gráfico amósase esa evolución:




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE: enquisa de condicións de vida das familias (2003, 2008, 2013 e 2018)

Tal e como se pode apreciar na táboa, e segundo afirman Monteagudo, Carballo e Casares (2008: 22), na primeira década deste século pareceu producirse unha “desaceleración no proceso de perda de usuarios de galego entre a mocidade, que algunhas fontes presentan mesmo como estabilización e recuperación<sup>9</sup>”. Sexa como for, o certo é que no momento da intervención da deputada que aquí analizamos,

os datos que se correspondían coa enquisa do IGE do ano 2008 deixaban constancia de que tan só un 26% da mocidade galega empregaba esta lingua como o seu idioma único ou habitual (porcentaxe que parece manterse na actualidade).

Por outra banda, a estes datos poderíamos engadir-lles os resultados sobre a porcentaxe do uso do galego por parte do alumnado nas aulas, tanto na dimensión oral como na escrita. Considerando que a deputada López Besteiro defende no seu discurso a liberdade de elección de idioma para os discentes, así como tamén denuncia unha suposta imposición do galego mediante a manipulación “dos hábitos lingüísticos á forza”, a continuación representamos un novo gráfico no que se amosa cal era no ano 2008 (momento en que xa estaba en vigor o Decreto 124/2007) o grao de uso do galego nas aulas mediante as tres prácticas lingüísticas básicas que poden ter lugar nunha clase de calquera materia: interaccións cos compañeiros, interaccións co profesorado e produción escrita. Porén, no canto de facer unha distinción por idade, desta vez optamos por agrupar os resultados polo tamaño do concello, para ter unha visión máis clara de en que medida o uso do galego nas aulas se reducía conforme maior é o municipio<sup>10</sup>:



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE: enquisa de condicións de vida das familias (2008)

Segundo a información amosada neste gráfico, todo parece indicar que no ano 2008 a porcentaxe de emprego do galego nas aulas dependía directamente do tamaño do concello no que se inserise cada centro; de ser isto certo, os usos lingüísticos do alumnado non estaban condicionados polo decreto que estivese en

<sup>9</sup> Neste senso, cómpre termos en conta que esta desaceleración ou leve recuperación expresada polos lingüistas fai referencia á velocidade do descenso do uso de galego, reducida en comparación coas décadas anteriores. En calquera caso, non se debe esquecer que, en case vinte anos, a porcentaxe do uso do galego na mocidade de ata 15 anos diminuíu un 14%, ata situarse no escaso 26% do ano 2018, último momento sobre o que temos datos ao respecto.

<sup>10</sup> Á hora de consultar os datos, optamos por recompilar os resultados en función de dúas variables lingüísticas: a) emprega só galego; e b) emprega máis galego ca castelán.

vigor en cada momento, senón polo tradicional predominio do galego no rural e nas localidades máis pequenas, así como pola presenza maioritaria do castelán nas sete cidades galegas, as cales constitúen os únicos municipios do país que superan os 50.000 habitantes.

Neste senso, non debemos esquecer que no ano 2008 xa estaba en vigor o Decreto 124/2007, no cal se estipulaba a xa mencionada obrigación por parte do alumnado de empregar o galego nas materias destinadas ao seu uso, que constituían un 50% do horario anual (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 29/06/2007: 11248-11249). Polo tanto, queda de manifesto o evidente incumprimento deste punto do decreto nas grandes cidades, especialmente nos usos orais.

Por outra banda, tampouco podemos deixar de resaltar o feito de que, dos tres tipos de usos lingüísticos que se poden producir nas aulas, a produción escrita é o que parece estar menos afectado e o que máis se achega a cumprir este artigo do decreto. Posiblemente isto, cómpre engadir, débese ao seu carácter perdurable e, polo tanto, susceptible de control por parte da dirección do centro ou da propia inspección educativa.

En último lugar, tamén resultan esclarecedores os datos achegados polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia acerca do grao de influencia da escola nos usos lingüísticos do alumnado no resto de contextos. Os resultados sobre este aspecto inclúense no segundo volume do *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004* (González *et al.* 2008), dedicado a recoller os datos sobre os usos lingüísticos da cidadanía do país. Se ben os resultados que reproducimos a continuación se obtiveron tres anos antes da aplicación do Decreto 124/2007, ademais de incluír as respostas de todo o grupo de enquisados (de entre 15 e 54 anos), consideramos que a súa mención pode axudar a comprender o grao de influencia da escola nos anos previos aos dous decretos que aquí se traballan:

O 77,9% da mostra cre que que a escola non influíu na súa conduta lingüística habitual. Só o 22,1% reconece ese influxo. O 19,3%, é dicir, o 87,3% de quen di estar influído pola escola, considera que a influencia se produciu a favor do uso do castelán e só o 2,8%, o 12,6%

de quen respondeu afirmativamente, a prol do galego. As diferenzas entre porcentaxes indican que a escola tería un limitado poder de influencia sobre o uso lingüístico habitual, e que dentro destes límites a maior repercusión corresponde ao castelán. (*Ibid.*: 173).

Visto todo o anterior, resulta evidente que a presenza do galego nas aulas en absoluto era equiparable á do castelán, nalgúns casos nin tan sequera durante os anos en que xa estaba en vigor o Decreto 124/2007. Se a isto lle sumamos a falta de promoción do uso de galego por parte do ensino, así como a alarmante porcentaxe de galegofalantes nas xeracións máis novas, podemos observar que a estreita relación entre as políticas lingüísticas e a situación sociolingüística do idioma esixían o desenvolvemento dunhas medidas normalizadoras que priorizasen o uso do galego no ensino, tal e como se acordara previamente coa aprobación unánime do PXNLG.

En resumidas contas, todas as ideas traballadas ata o de agora parecen indicar que esa “liberdade de uso das dúas linguas” defendida pola deputada do PPdG que caracterizaba os decretos de distribución de linguas anteriores ao Decreto 124/2007, unicamente facilitaba a reafirmación dun dominio maioritario do castelán na escola moi acentuado nos usos orais e nos contextos urbanos, mesmo cando xa estaba en vigor o Decreto 124/2007, como vimos antes.

Non obstante, pese aos consensos acadados previamente no PXNLG, dende o momento da entrada en vigor do Decreto 124/2007 o PPdG adoptou unha postura completamente oposta á que defenderan durante os anos posteriores á aprobación do devandito plan, que ao cabo recollía para o ensino as mesmas medidas que se desenvolverían posteriormente co este decreto. O fragmento da intervención de López Besteiro que achegamos ao comezo desta sección representa un claro exemplo deste cambio de discurso.

Con todo, a ausencia da liberdade de elección lingüística non foi o único dos argumentos empregados pola deputada neste debate para criticar o uso prioritario do galego aplicado co decreto. A existencia de problemas para acadar unha competencia lingüística axeitada en castelán, considerando a maior porcentaxe de horas impartidas en galego en moitos

<sup>11</sup> Así e todo, cómpre non esquecermos que no decreto estipulábase o galego como o mínimo dun 50% do horario total. Dito doutro xeito, deixábase á elección dos centros se preferían manter unha distribución a partes iguais entre os dous idiomas ou aumentar a presenza da lingua propia. O obxectivo, en síntese, era evitar que o galego vise reducido o seu uso respecto ao castelán.

centros<sup>11</sup>, foi outra das ideas manifestadas nesta sesión parlamentaria por parte da política do PPDG. Sobre este aspecto deterémonos ao longo das vindeiras páxinas.

### 3.1.3. “Equilibrio para garantir competencias”: o reparto lingüístico nas aulas do ensino obrigatorio<sup>12</sup>

Como xa especificamos nas páxinas introdutorias deste traballo, tanto na Constitución española coma no Estatuto de Autonomía delegábase nos gobernos autonómicos a responsabilidade de fomentar e promover as linguas propias de cada comunidade nos diferentes ámbitos da sociedade, entre os que destaca o do ensino (Constitución Española 29/12/1978: 29332-29333; 28/04/1981: 1897, 1899). Unha das medidas que se desenvolveron en Galicia para garantir ese fomento atópase no artigo 14.3 da LNL, no que se recolle a necesidade de que o alumnado acade unha competencia lingüística equiparable en ambos os dous idiomas ao remate de cada ciclo educativo (Xunta de Galicia 14/07/1983: 1896).

Así e todo, o feito de que na Lei de normalización non se especificase o grao de potenciación do galego fixo que durante as dúas décadas posteriores o grao de presenza desta lingua nas aulas fose aumentando levemente, pero sen chegar a equipararse completamente ao castelán; como xa se sabe, coa entrada en vigor do Decreto 124/2007 esta situación mudou por completo, pois a presenza do galego aumentou a un mínimo do 50% do horario. Isto supuxo que os grupos contrarios ao texto situasen a cuestión das competencias no centro do debate, coa intención de denunciar que este decreto non permitía a adquisición dun dominio adecuado do castelán. En esencia considerábase que, dado que no decreto non se especificaba unha porcentaxe mínima para o número de horas impartidas en castelán (excepto da propia materia de Lingua castelá e literatura), os e as estudantes non dispoñían dunha entrada suficiente do rexistro formal do castelán que permitise acadar unha competencia aceptable nesta lingua. A continuación achegamos un fragmento do debate da sesión parlamentaria

que estamos a analizar, no que López Besteiro critica a superioridade numérica das materias impartidas en galego en cada curso da Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato, respecto ás que son impartidas en castelán nestes mesmos chanzos educativos:

[López Besteiro] Si non hai proporcionalidade na docencia, non hai garantías de competencia lingüística por máis que se diga, e se permite a deriva hacia un proxecto de monolingüismo. (Parlamento de Galicia 12/09/2007: 40)

Eu denuncio eiquí que este decreto permite unha deriva hacia o monolingüismo, creo que hacia a inmersión e, dende logo, a imposición do galego. E miren, por que o digo? Eiquí fálase de equilibrio, de proporcionalidade e de garantir competencias. Miren vostedes o equilibrio deste ano que permite o decreto: estes son os libros en galego dun curso determinado; este é o libro en castelán. Este é o equilibrio, esto é garantir competencias. (*Ibid.*: 46)

Tendo en conta que a deputada critica o modelo de discriminación positiva aplicado co Decreto 124/2007, interpretamos aquí que para ela o modelo máis axeitado consiste nese “equilibrio”, baixo unha perspectiva estritamente cuantitativa, entre o galego e o castelán. O feito de que o propio PPDG, ao que esta parlamentaria pertence, desenvolvese tres anos máis tarde un decreto que fai unha distribución lingüística a partes iguais parece reforzar esta idea.


Ao longo das páxinas anteriores, xa mencionamos en varias ocasións o concepto de *políticas positivas* ou *acción compensatoria*. Dende que se aprobara o Plan xeral de normalización no 2004, fixérase manifesta a necesidade de priorizar o uso do galego no ensino, de xeito que puidese contrarrestar a situación de desigualdade entre esta lingua e o castelán no resto de ámbitos da sociedade. No que ao eido das competencias respecta, os defensores do Decreto 124/2007, moitos deles pertencentes ao eido da sociolingüística galega, argüían o seguinte: o simple predominio do castelán en toda a sociedade galega constitúe un factor suficiente como para que calquera persoa galega, unha vez rematada a súa escolarización, tivese

<sup>12</sup> Nesta epígrafe dedicámonos a tratar a cuestión da distribución lingüística e a adquisición de competencias bilingües nos niveis de Educación Primaria, Educación Secundaria e os Ciclos de Formación Profesional. A etapa de Educación Infantil trátase de maneira separada, ao considerarmos que o tipo de ideas expresadas ao respecto merecen un bloque de análise individual.

unha competencia lingüística máis que asegurada neste idioma, tanto na comprensión como na expresión oral e escritas (Costas 2009: 46). Porén, no que atinxe ao galego este dominio non estaba garantido ao estar determinado por factores máis complexos, tales como a lingua habitual do falante, o seu nivel de estudos ou a idade. En definitiva, para poder contrastar estes datos, e por extensión para apoiar ou refutar a validez deste modelo de compensación lingüística, debemos acudir ás achegas feitas polos principais estudos sobre competencias feitas en Galicia, sobre os cales nos detemos a continuación.

Enquisas como as realizadas polo IGE indican que unha gran maioría da cidadanía galega amosa competencias relativamente altas en todas as destrezas de ambas as dúas linguas oficiais (Instituto Galego de Estatística: 2008). Segundo os resultados do 2008, un 94,79% dos galegos afirmaba comprender de maneira efectiva o galego oral e un 89,15% poder falalo sen dificultades; porén, na dimensión escrita as porcentaxes diminúen, pois un 83,01% das persoas enquisadas cría que pode ler en galego sen problemas, mentres que tan só o 57,84% consideraba poder escribilo dunha maneira satisfactoria.

Se comparamos este resultados cos obtidos na franxa de poboación de entre 5 e 14 anos, que comprende a maior parte do ensino obrigatorio, observamos que non se rexistran diferenzas relevantes coa poboación total na expresión oral, cun dominio do galego do 83,63%, así como na comprensión oral escrita, cunha competencia do 92,1% e do 86,24%, respectivamente. Con todo, unha vez máis as maiores diferenzas atópanse na expresión escrita, pois un 78,65% da mocidade que se sitúa neste tramo de idade afirma escribir o galego eficazmente, rexistrándose así unha diferenza de máis de vinte puntos respecto á poboación total. Neste senso, non debemos esquecer que o primeiro grupo de datos se corresponde con toda a cidadanía de Galicia, sen facer distincións de idade, polo que podería ocorrer que a cidadanía maior de 45 ou 50 anos amose unhas competencias inferiores nesta destreza cás xeracións posteriores polo feito de que non foron escolarizados en galego, ao non introducirse esta lingua no ensino ata o ano 1979. No seguinte gráfico facemos unha comparativa das competencias de ambos os dous grupos nas catro destrezas básicas:




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE: enquisa de condicións de vida nas familias (2008)

Á marxe dos resultados obtidos na expresión escrita, os datos obtidos na vertente da expresión oral en galego tamén merecen ser destacados: o feito de que a mocidade galega manifeste ter un dominio menor ao que presenta o grupo total de enquisados, para nós só se pode xustificar debido a que unha maioría desa mocidade non ten esta lingua como o idioma habitual nos contextos alleos á escola, tal e como xa describimos ao comezo da epígrafe 3.1.2. De ser isto certo, confirmaríase a idea de que a mocidade non recibe a cantidade de entrada suficiente en galego para garantir un dominio maioritario deste idioma, polo que as políticas compensatorias que se aplicaban co Decreto 124/2007, consistente nun modelo de inmersión parcial<sup>13</sup> nesta lingua, quedarían xustificadas.

No que respecta ás competencias lingüísticas en castelán, o IGE non recompilou datos ao respecto, aspecto que o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega xustificou coa afirmación de que “case a totalidade, se non a totalidade, dos galegofalantes son capaces de entender galego, cousa que non ocorre á inversa” (Monteagudo, Loredó e Vázquez 2016: 38). Esta idea parece confirmarse coa enquisa de competencias en castelán que o propio seminario levou a cabo no 2004, como parte do mapa sociolingüístico ao que xa nos referimos anteriormente neste traballo. Así, sobre unha escala onde 1 é o mínimo e o 5 o máximo, a media dos valores en castelán estaban case na puntuación máxima, sen diferenzas significativas entre as catro destrezas. Porén, resulta esclarecedor que todas as competencias en galego fosen levemente inferiores, o que continuaría a evidenciar a necesidade dunha maior potenciación deste idioma na escola.

<sup>13</sup> Para máis información sobre os modelos de distribución de linguas desenvolto cos decretos 124/2007 e 79/2010, véxase Gradín (2020: 49-59) e Iglesias (2017: 50-57).



Fonte: *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega 2008: 68)

Porén, e independentemente dos datos recompilados con estes traballos, cómpre salientar o feito de que estes resultados están baseados en enquisas de autopercepción. Noutras palabras, foron os propios enquisados os que valoraron as súas competencias en cada lingua, polo que pode ocorrer que os resultados obtidos se afasten dunha realidade que sería máis accesible de dispor de estudos onde se avaliou a competencia dos discentes mediante técnicas de recompilación de datos e elaboradas por especialistas. Con este fin, debemos consultar o único traballo realizado en Galicia que nesta época cumpría con estes requisitos.

No ano 2010 o Instituto de Ciencias da Educación (ICE de agora en adiante) da Universidade de Santiago de Compostela publicou os resultados dun proxecto no que se analizou o dominio do alumnado galego de 4º da ESO dos dous idiomas oficiais. Na expresión oral, non existe unha diferenza demasiado ampla entre a competencia xeral en galego e o castelán, ao presentaren as persoas enquisadas un total de 3,66 puntos para o primeiro e 3,77 para o segundo (Silva 2010a: 109, 62). Pola contra, si que se rexistrou unha maior diverxencia entre as dúas linguas para a expresión escrita, cun resultado de 3,04 puntos en castelán e de 2,77 en galego (*Ibid.*: 121, 82). As capacidades de comprensión non se tiveron en conta para o estudo.

	Expresión oral	Expresión escrita
<b>Galego</b>	3,66	2,77
<b>Castelán</b>	3,77	3,04

Fonte: Silva (2010a: 62, 82, 109 e 121)

Como podemos observar, rexístrase unha diferenza base entre as competencias en castelán

e en galego, cunha porcentaxe superior do dominio da expresión oral e escrita na primeira lingua respecto á segunda. Con todo, existen algunhas diferenzas nas subdestrezas avaliadas no estudo nas que cómpre deternos previamente. Tendo en conta que estaban divididas en seis, resulta destacable que algunhas das subcompetencias nas que o alumnado manifesta os peores resultados en galego son as mellor valoradas para o castelán; o mesmo ocorre á inversa, isto é, as subdestrezas peor puntuadas en castelán presentan as mellores valoracións en galego. A continuación amosamos a táboa cos resultados de todas as destrezas en ambas as dúas linguas:

	Galego	Galego	Castelán	Castelán
	Escrito	Oral	Escrito	Oral
<i>Desenvolvemento temático</i>	2,94	3,61	3,06	3,72
<i>Adecuación sociolingüística</i>	2,81	3,81	2,91	3,71
<i>Coherencia e cohesión</i>	2,65	3,71	2,93	3,71
<i>Gramática</i>	2,77	3,63	3,13	3,89
<i>Ortografía</i>	2,71		3,06	
<i>Léxico</i>	2,74	3,54	3,12	3,8

Subcompetencias en galego e castelán do alumnado de 4º da ESO<sup>14</sup>; ano 2010 (Silva 2010a)

Como se pode observar, as subdestrezas orais do galego nas que o alumnado presenta unha mellor puntuación son as de adecuación sociolingüística, con 3,81 puntos, e coherencia e cohesión, con 3,71. Pola contra os peores resultados correspóndense coas subcompetencias orais do desenvolvemento temático, a gramática e o léxico. Pero ocorre exactamente o contrario coas subdestrezas do castelán, pois agora as mellores puntuacións son as de ortografía e léxico, mentres que as peores son as de adecuación e coherencia. No caso da dimensión escrita, as diferenzas entre as dúas linguas acentúanse aínda máis: na avaliación de galego, o alumnado obtivo unhas cualificacións de 2,81, 2,77 e 2,74 para as subcompetencias de adecuación lingüística, gramática e léxico, respectivamente. Respecto ao castelán, as puntuacións son significativamente máis altas, cuns valores de 2,91, 3,12 e 3,12.

Baixo o noso punto de vista, o feito de que a mocidade manifeste en galego uns valores máis baixos có castelán nas subcompetencias

<sup>14</sup> Esta táboa está extraída do taboleiro de noticias da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Pódese consultar na seguinte ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/porta1/node/762>.



relacionadas co código (a gramática e o léxico) podería explicarse polo factor de entrada: ao recibir unha cantidade menor de discurso en galego na variedade estándar, o dominio desta subdestreza resulta inferior á variedade estándar do castelán, accesible (mesmo inevitable) en moita maior medida.

Neste senso, merece especial mención un traballo elaborado catro anos despois do estudo do ICE por Bieito Silva, antigo director do proxecto, e Xaquín Loredó, membro do xa mencionado Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Estes dous investigadores publicaron un traballo no que explicaban cales eran as variables que influían na adquisición dun dominio axeitado de cada lingua. Se ben consideran que o modelo lingüístico aplicado nas aulas non ten unha influencia directa na adquisición das competencias formais de ningunha das dúas linguas oficiais, si afirman que isto “non significa que non teña influencia sobre a capacidade para facer uso das linguas de maneira contextualizada e en comunicacións auténticas” (2014: 205). Dito doutro xeito, o feito de que unha parte significativa do currículo estea nunha lingua ou outra vai facilitar o desenvolvemento dunha menor dificultade para empregar ese idioma en diferentes rexistros e situacións comunicativas, máis aló do ámbito puramente académico. Isto resultaría especialmente significativo para o alumnao castelanfalante das contornas urbanas, ao non dispoñer de contextos galegófons que lle permitan o acceso (e polo tanto, unha entrada suficiente) á variedade estándar da lingua propia. En palabras de Iglesias,

Na produción –cando a familia non pode exercer a función de reprodución lingüística– a escola pasa a desempeñar este papel, converténdose no principal axente de transmisión. Pero a competencia que se adquire a través do sistema educativo non resulta suficiente, debido a que supón unha comunicación institucionalizada que, por conseguinte, non proporciona nin a fluidez nin a variedade de rexistros necesarios para desenvolverse en calquera contexto. (2002: 151)

Partindo dos datos anteriores, queda de manifesto que factores como a posición de privilexio do castelán, o maior dominio desta lingua por parte da mocidade e a ausencia dunha entrada suficiente da variedade estándar do galego lexitiman que no Decreto 124/2007 se desenvolvese un modelo lingüístico de inmersión parcial ou total en galego. Independentemente de que o uso do galego aumentase a máis do

mínimo estipulado (o 50%) se así o decidían os centros, pódese afirmar que unha competencia axeitada na lingua dominante estaba garantida, mentres que o galego debía ser potenciado para acadar un dominio desta lingua igualmente satisfactorio. Polo tanto, a “proporcionalidade na docencia” e o “equilibrio” lingüístico que reclamaba a deputada López Besteiro ao comezo da epígrafe, ao denunciar que non había “garantías de competencia lingüística” (Parlamento de Galicia 12/09/2007: 46), parece non ter un fundamento empírico estable.

### 3.1.4. Proporcionalidade lingüística e lingua vehicular na Educación Infantil

Outro dos argumentos susceptibles de análise do discurso de López Besteiro neste debate parlamentario está relacionado co tratamento que o Decreto 124/2007 lle deu á lingua galega na Educación Infantil. Fundamentalmente, as medidas de índole lingüística elaboradas ao respecto consistían no que xa se recollera previamente no PXNLG: a) no emprego nas aulas da lingua predominante da contorna na que se insería o centro, pero coa introdución do galego nun mínimo da metade do horario nos ámbitos castelanfalantes; e b) na potenciación compensatoria desta lingua a través das actividades de iniciación á lectoescritura.

Por outra banda, de acordo co estipulado no decreto tamén se facía un reparto de responsabilidades á hora de decidir cal sería o idioma empregado en cada caso, ao contar non só coa opinión achegada polos pais, senón cos datos sociolingüísticos dispoñibles ao respecto sobre a situación da lingua na zona (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 29/06/2007: 11248).

Así, e volvéndonos a centrar no debate parlamentario que estamos a analizar da sétima lexislatura de Galicia, López Besteiro amosa a súa oposición ao papel da lingua galega na Educación Infantil, ao igual que ao tratamento do galego nos restantes chanzos do ensino básico, tal e como puidemos ver nas seccións previas deste traballo. No seguinte fragmento recóllese un fragmento da súa intervención que permite obter unha visión clara de cal é á súa postura respecto ao papel das linguas no primeiro ensino:

[López Besteiro] A garantía de total equilibrio na distribución horaria, equilibrio tamén na Educación Infantil, de proporcionalidade, que se debe manter igualmente nos centros con proxectos plurilingües. [...] A garantía de que na

Educación Infantil os alumnos serán acollidos na súa lingua materna. O di a Lei de normalización lingüística no artigo 13: a lingua materna que determinen os pais, como se viña facendo habitualmente. E non o que se recolle no decreto, que se lle engade o que opinen os estudos e os expertos nomeados *ad hoc*. (Parlamento de Galicia 12/09/2007: 40)

Se comezamos pola mención da deputada á LNL, si se pode confirmar que no primeiro punto do artigo 13 se recolle o dereito do alumnado a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna, isto é, á lingua familiar a través da que realizaron a primeira adquisición lingüística. Non obstante, en ningún punto da lei se especifica o dereito dos proxenitores a tomar esta decisión; en todo caso, derivase na Xunta a responsabilidade das “medidas necesarias para facer efectivo este dereito” (Xunta de Galicia 14/07/1983: 1896).

Por outra banda, e independentemente da importancia que se lle deba dar á opinión dos pais e nais para decidir a lingua vehicular da Educación Infantil (aspecto do que nos ocuparemos máis adiante), debemos deternos brevemente sobre a cuestión da lingua materna, que nós optamos por denominar *lingua inicial* ou *lingua familiar*. Aínda que no discurso a deputada non chega a facer unha alusión explícita ao incumprimento do estipulado no artigo 13.1 da LNL, algúns dos fragmentos do seu discurso suxiren que, ao seu xuízo, co Decreto 124/2007 o alumnado castelanfalante do primeiro ensino non ten unha exposición suficiente ao seu idioma inicial. A defensa dunha proporcionalidade horaria entre linguas en todos os niveis educativos, incluído o da propia Educación Infantil, así como a defensa dunha “deriva a un proxecto de monolingüismo” (Parlamento de Galicia 12/09/2007: 40) parecen reforzar esta idea.

A este respecto, debemos destacar o seguinte: o feito de con este decreto se garantise a presenza do galego nun mínimo do 50% do horario non implicaba que, de situarse o centro nunha contorna maioritariamente castelófona, se estivese a incumprir o xa mencionado artigo da LNL sobre o dereito a recibir o primeiro

ensino na lingua inicial. De feito, con esta medida estíbese a aplicar o establecido na continuación do propio artigo 13 da Lei, onde figura a necesidade de desenvolver actuacións orientadas a promover o uso do galego en todas as etapas educativas, a Educación Infantil incluída, sen facer distinción de ningún tipo entre o primeiro ensino e todos os restantes. Neste senso, parece que a deputada López Besteiro obvia ou ignora o feito de que respectar a escolarización na lingua inicial do alumnado non implica un ensino monolingüe neste idioma.

Todas as medidas sobre a potenciación do galego que se recollían no PXNLG para a Educación Infantil debían ser aplicadas en tódolos centros de primeiro ensino a través do Decreto 124/2007, coa excepción dos programas de inmersión parcial en galego, que eran de carácter voluntario e dependían da decisión voluntaria e individual de cada centro. A posibilidade de desenvolver estes programas estaba recollido no propio Plan, concretamente no grupo de medidas 2.1.24 (Xunta de Galicia 2006: 102), e entrarían en vigor dende a publicación o 22 de xuño da convocatoria de accións para a potenciación da lingua galega no segundo ciclo de Educación Infantil en centros públicos<sup>15</sup> (Formoso e Queixas 2011: 41). Esta medida sería posteriormente aplicada nos centros privados mediante a Orde do 5 de outubro do 2007 (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 11/10/2007: 16681-16684).

Segundo as docentes Formoso e Queixas (2011: 41-43), a mocidade que participou nestes programas presentaba dous perfís sociolingüísticos diferentes: alumnado procedente de familias castelanfalantes que desexaban que os seus fillos e fillas tivesen unha maior entrada en galego, por unha banda, e mocidade galegofalante cuxos pais e nais pretendían que mantivesen os usos lingüísticos en galego ao escolarizarse, por outra.

Ao non haber un control e avaliación rigorosos destes programas de inmersión parcial, tan só desenvoltos durante tres cursos académicos (pois prohibíriáns trala vitoria do PPdG nas eleccións do 2009), apenas hai estudos onde se rexistrasen os seus resultados; con todo,

<sup>15</sup> Por razóns que descoñecemos, esta convocatoria non figura actualmente na versión en liña do Diario Oficial de Galicia, ao contrario da Orde elaborada para os centros privados concertados, que foi publicada o 11 de outubro do 2007. Por este motivo, citamos a achega de Formoso e Queixas na que se tratan as características básicas dos programas experimentais de inmersión.

a pouca información dispoñible ao respecto parece indicar que as experiencias foron notablemente positivas. Como exemplo disto, nós mencionamos aquí a experiencia de Varela e Oubiña, profesoras da Escola de Educación Infantil A Pastora, en Cambados. De acordo coa súa testemuña, o persoal do centro observaba con preocupación que os usos do galego na escola ían descendendo de maneira alarmante, mesmo no caso da minoría de alumnado que chegaba á escola sendo galegofalante (Varela e Oubiña 2011: 70-71).

Debido a esta situación, os centros que incorporaron estes programas decidiron crear un grupo de inmersión en cada curso, obtendo resultados de dous tipos: por unha banda, o alumnado que xa era galegofalante antes de comezar o programa conservou a súa lingua, ao contrario do que ocorría nos cursos académicos anteriores, onde remataba cambiándose ao castelán; por outra, o alumnado castelanfalante ía cambiando de maneira progresiva os seus usos cara ao galego na escola, sen que por iso se rexistrase ningún deterioro da competencia en castelán (*Ibid.*: 70-74).

En síntese, o feito de que se fixese unha introdución mínima do galego do 50%, con independencia da lingua do alumnado, non supuxo ningunha dificultade que estea lingüísticamente probada para acadar unha competencia axeitada en castelán. Polo contrario, e desenvolvendo a idea que xa vimos tratando ao longo das páxinas anteriores, a posición hexemónica do castelán nos contextos alleos á escola implica que sexa necesaria unha potenciación do galego na Educación Infantil con dous obxectivos principais: a) garantir que o alumnado castelanfalante teña unha exposición suficiente a esta lingua; e b) que o alumnado galegofalante (especialmente o que se atopa en contornas onde a lingua da maioría é o castelán) poida manter o seu idioma e desenvolveo con naturalidade, intentando revertir o efecto castelanizante da escola nos decretos de distribución de linguas anteriores. Ambos os dous responderían, en última instancia, ao establecido no xa mencionado artigo 14.3 da LNL, acerca da necesidade de acadar unha competencia bilingüe e similar nas dúas linguas oficiais ao remate de cada chanzo educativo.

Para rematar esta epígrafe, no discurso de López Besteiro está presente outra idea que tamén debemos analizar brevemente, pois tal e como veremos máis adiante supuxo un tema de especial controversia durante a preparación, por parte do PPdG, das bases para o que sería o novo decreto de distribución de linguas de Galicia, o 79/2010. Referímonos ao grao de importancia que se lle debería dar ao testemuño dos pais á hora de decidir a lingua que se empregaría en cada centro de Educación Infantil, en función de cal fose o idioma predominante da contorna. De acordo co citado decreto, o dito testemuño teríase en conta xunto aos “datos achegados polo Mapa sociolingüístico de Galicia”, así como “os datos estatísticos oficiais” (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 29/06/2007: 11248).

Como xa puidemos comprobar no fragmento da intervención de López Besteiro que reproducimos ao comezo da sección, esta deputada desaproba que, para tomar a decisión da lingua vehicular empregada nos centros, o Decreto teña en conta a opinión dos estudos de sociolingüística dispoñibles ao respecto, ao contrario do que se viña facendo tradicionalmente. Noutras palabras, a parlamentaria amosa a súa oposición a que a opinión dos proxenitores teña a mesma influencia cós datos oficiais para tomar unha decisión tan transcendental coma esta, consistente en decidir cal vai ser a lingua na que o alumnao vai iniciar o seu proceso de aprendizaxe.

Neste senso, cómpre non esquecer que o Mapa sociolingüístico de Galicia representa unha das achegas máis completas do país no que atinxe á situación social do idioma. Por este motivo, ao noso xuízo o feito de que o Decreto 124/2007 tivese en conta o criterio sociolingüístico para tomar unha decisión dese calibre representa un considerable avance, ao dispor dunha información de rigor que permita obrar con criterio e á marxe de intereses ideolóxicos individuais. Cómpre non esquecer que, se ben se avanzou na súa erradicación, algúns prexuízos<sup>16</sup> sobre a lingua aínda están enraizados na sociedade galega, o que podería afectar á decisión dos pais sobre a lingua en que desexan que estuden os seus fillos, respondendo esta mesma decisión máis aos citados intereses persoais que á realidade lingüística de cada contorna.

<sup>16</sup> Para máis información sobre esta cuestión, pódese consultar a achega de Freixeiro Mato sobre o concepto de *autodio* (2009: 124-127).

### 3.1.5. A lexitimidade do Decreto 124/2007: o Plan xeral de normalización lingüística e as políticas compensatorias

Ata o de agora, xa mencionamos en varias ocasións que a través da actitude contraria do PPdG cara ao Decreto 124/2007, este partido rachou cun consenso que se acadara tres anos atrás coa aprobación unánime do PXNLG, no que se recollen todas as medidas de normalización lingüística no ensino que serían posteriormente aplicadas co devandito decreto. Ante este cambio de postura, Guillermo Meijón Couselo, naquel momento deputado polo PSdG no Parlamento de Galicia, defendeu neste debate a lexitimidade dun modelo lingüístico polo feito de estar incluído no propio Plan. Este argumento foi usado para xustificar os puntos do decreto que xeraran maior discusión, entre os que destaca o das obrigas idiomáticas do alumnado (aspecto que xa foi tratando en detalle nas epígrafes 3.1.1 e 3.1.2). En relación con esta idea, o deputado socialista sostén no seu discurso que o motivo desta decisión se debe non só a que así se recollese no PXNLG, senón tamén a razóns de simple coherencia: se nas áreas destinadas ao uso do galego o profesor debe empregar esta lingua e os materiais curriculares tamén están elaborados no mesmo idioma, ao seu xuízo semella obvio que os estudantes deban empregar o galego como lingua vehicular das clases, tanto na dimensión oral como na escrita.

[Meijón Couselo] As razóns creo que están acordes, de entrada, co sentido común e coa máis elemental pedagogía. Si no Plan de normalización, no Plan xeral de normalización aprobado por todos, aprobamos que en galego se impartan distintas áreas e que os materiais curriculares sexan tamén nese idioma, parece natural, convinte, desexable e coherente co plan que os alumnos empreguen nas súas manifestacións o mesmo idioma. (Parlamento de Galicia 12/09/2007: 44-45)

Ao longo da terceira epígrafe xa explicamos en varias ocasións por que o emprego do galego como lingua vehicular do alumnado nunha parte substancial do currículo representa un factor imprescindible, se o que se pretende é acadar unha competencia axeitada nesta lingua, así como unha normalización do seu uso. Esta medida tamén ten amparo xurídico, tal e como demostraron as sentenzas feitas ao respecto polo TSXG e o TC, nas cales se considera a obriga de empregar o galego nas materias respectivas como un aspecto necesario para que o modelo lingüístico que se desenvolvía

no Decreto 124/2007 tivese unha aplicación real (lémbrese o visto na epígrafe 3.1.1). En definitiva, o factor da obriga constitúese como algo necesario para cumprir co establecido nos puntos 13.2 e 14.3 da LNL, isto é, a responsabilidade da Xunta de desenvolver as medidas necesarias para acadar a normalización plena do galego no ensino, por unha banda, e a obtención dunha competencia similar en galego e castelán ao remate de cada ciclo educativo, por outra (Xunta de Galicia 14/07/1983: 1896).

Outra das cuestións que aborda o parlamento do grupo socialista no seu discurso está relacionada coa porcentaxe mínima do 50% que se recolle para o número de horas impartidas en galego. Respecto a isto, xa revisamos as críticas feitas pola deputada do PPdG López Besteiro ao respecto: fundamentalmente, a defensa dun reparto igualitario, baixo unha perspectiva estritamente cuantitativa, entre galego e castelán, sostendo que é o único xeito de garantir as competencias nos dous idiomas. Para responder a esta cuestión, Meijón Couselo volve mencionar o plan, pero desta vez introducindo o factor do papel compensatorio da escola ao que xa nos vimos referindo en varias ocasións:

[Meijón Couselo] Entremos agora na cuestión dun 50 % en galego, 50 % en castelán. Remarcan vostedes total equilibrio, dando a entender –cun argumento, permítame dicirullo, me parece que bastante pobre– que tal equilibrio é simplemente unha cuestión cuantitativa: invertir exactamente os mesmos termos en galego que en castelán. Parece pedagogicamente moito máis sensato o Plan xeral, que foi aprobado tamén por vostedes. E o Plan xeral di que o sistema estará máis ou menos equilibrado canto máis cerca estemos do obxectivo que queremos acadar; isto é, a competencia lingüística óptima nos dous idiomas nos niveis que correspondan. De aí que o plan fale con bo criterio de alomenos un 50 % da docencia. O que importa é o resultado final; isto é, que a competencia lingüística sexa igual nos dous idiomas. (Parlamento de Galicia 12/09/2007: 45)

Visto o anterior, podemos observar como o deputado socialista emprega un argumento fundamental que representa a razón de ser do Decreto 124/2007: se o que se pretende é garantir a normalización do galego e a súa igualdade co castelán, facer unha distribución de linguas por materias a partes iguais non resulta suficiente, pois na práctica só contribúe a manter a posición de privilexio do castelán que lle foi tradicionalmente negada ao galego. A finalidade

deste modelo lingüístico aplicado no ensino consiste en garantir o cumprimento dos obxectivos recollidos na LNL, polo que realizar un tratamento preferente do galego nas aulas constitúe unha medida lexítima que, ademais de dispoñer de amparo legal na propia Lei de normalización, contaba co visto favorable dos tribunais de xustiza, tal e como vimos ao comezo da análise. Nos anos posteriores, ao substituírse o Decreto 124/2007 polo 79/2010, o PPdG realizaría esa distribución de linguas a partes iguais que a deputada López Besteiro reclamara nesta sesión parlamentaria; por iso, a idea da acción compensatoria volvería ser defendida por este deputado e tamén estaría moi presente nos traballos especializados, tal e como veremos na análise dos debates da oitava lexislatura.

### 3.1.6. Mención aos acordos internacionais: a Carta europea para as linguas rexionais e minoritarias

Nesta epígrafe ímonos centrar en analizar as intervencións do terceiro político que participou neste debate, o deputado Bieito Lobeira Domínguez, pertencente ao grupo parlamentario do BNG. No que ao seu discurso respecta, o principal argumento esgrimido por este deputado caracterízase por introducir unha cuestión que non foi mencionada por Meijón Couso (PSdG) nin por López Besteiro (PPdG): a sinatura e posterior ratificación por parte do goberno de España da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias.

Neste documento, asinado en Estrasburgo polos estados membros do Consello de Europa no ano 1992, recóllense unha serie de principios e pautas de actuación coas que se pretende potenciar e acadar a normalización das linguas minoritarias de Europa. Concibido como un acordo internacional, todos os países que asinaron a carta comprometéronse a desenvolver as medidas que estaban recollidas nela. Na parte do texto destinada ao eido educativo, as posibles estratexias a aplicar estaban clasificadas en tres niveis, en función do grao de inmersión lingüística que se considerase axeitado desenvolver en cada territorio: a) un ensino íntegro na lingua rexional; b) unha inmersión lingüística substancial nese mesmo idioma, ao ocupar unha parte significativa do currículo; e c) a garantía de desenvolvemento das medidas anteriores para as familias que así o desexasen (Consello de Europa 1992: 9-10).

Deste xeito, coa mención á Carta europea este deputado defende que o tipo de modelo lingüístico que o PPdG está a defender no

seu discurso público é o mesmo que o que foi aplicado polo goberno liderado por Fraga durante os seus 17 anos ao mando da Xunta, totalmente contrario aos compromisos asumidos por España tras a súa sinatura e posterior ratificación da Carta nos anos 1992 e 2001, respectivamente. Noutras palabras, para Lobeira Domínguez o tipo de políticas lingüísticas que o PPdG quere aplicar no ensino representan o retorno a un predominio do castelán nas aulas, que derivaba na perda de falantes de galego e no conseguinte incumprimento do establecido na devandita carta:

[Lobeira Domínguez] Máis incumprimento dos compromisos adquiridos a nivel internacional polo Estado español ou, en concreto, a Carta Europea das linguas, a chamada Carta Europea de linguas rexionais e minoritarias, subscrita polo Estado español, mesmo co goberno de Aznar, e que mereceu no último informe do comité de expertos do Consello de Europa unha opinión absolutamente demoleadora no caso galego sobre o fracaso do modelo de política lingüística impulsada desde o Goberno de Manuel Fraga Iribarne, co resultado práctico de perda de falantes, nomeadamente na xente máis nova, a que se incorpora e pasa polo sistema educativo galego. Queren tornar ao modelo anterior, un modelo de perda de falantes, un modelo onde o sistema educativo existía como elemento tamén desgaleguizador. Entraban nenos e nenas falando en galego, saían mozos e mozas, mesmo en moitos casos sen competencia lingüística en galego. Non o dicimos nós, dío o Consello de Europa. (Parlamento de Galicia 12/09/2007: 41)

Como se pode ler no fragmento anterior, o parlamentario fai referencia a un informe realizado polo Consello de Europa. Para contextualizar esta información, cómpre indicar que unha Comisión de Expertos nomeada polo propio consello realiza cada cinco anos unha avaliación nos países asinantes da carta, co obxectivo de comprobar o seu grao de cumprimento por parte dos gobernos e as autoridades de cada territorio. No momento en que se produciu este debate, o devandito comité publicara o primeiro informe que se fixera ata o momento sobre España, que é ao que fai referencia Lobeira Domínguez. Xa que logo, para validar a información expresada polo deputado, no seguinte fragmento do informe do comité reproducimos un extracto das valoracións que fixo acerca da situación do galego nas aulas (a tradución é nosa):

Con independencia da incerteza que predomina respecto á práctica que se segue no ensino preescolar e primario, que consiste en utilizar

a lingua predominante entre os alumnos, o Comité de Expertos considera que, segundo a información de que dispón, o modelo educativo actual non acada o nivel esixido polos compromisos específicos contraídos por España, que supoñen que o ensino ou unha parte fundamental do programa escolar se imparten esencialmente en galego, e non só unhas poucas materias. Así mesmo, o Comité de Expertos recibiu queixas, durante a súa visita “no lugar”, acerca de que o galego é raramente a lingua de ensino, que moitas escolas primarias e secundarias non ensinan todas as materias que deberían impartirse normalmente en galego, e que en moitos centros educativos non se dispón de libros de texto en galego. Por último, parece que o galego non está presente fora das clases. (Consello de Europa 2005: 148)

Segundo este texto, neste informe destácase o incumprimento da carta non só polo feito de que en moitos centros non se estaba a respectar a lexislación lingüística vixente en Galicia, senón porque se considera que o propio modelo lingüístico que se estaba a desenvolver na devandita lexislación non garantía unha normalización do uso do galego. Neste senso, debemos lembrar que no momento en que se publicou este informe, o decreto de distribución de linguas que estaba en vigor era o 247/1995 (brevemente descrito no capítulo introdutorio), que precisamente se baseaba no modelo de distribución lingüística a partes iguais entre galego e castelán que defendeu a deputada López Besteiro neste debate, aspecto xa tratado con detalle nas epígrafes 3.1.3 e 3.1.4. Ademais disto, no mesmo informe instábase ao goberno da Xunta de Galicia a “establecer modelos educativos esencialmente en galego para o ensino preescolar, primaria e secundaria”, defendéndose polo tanto esa concepción da discriminación positiva da lingua propia que se aplicaría dous anos máis tarde co Decreto 124/2007.

A este respecto, pode resultar ilustrativa a valoración actualizada que se fixera sobre o papel do galego nas aulas no segundo informe elaborado polo Comité de Expertos en España no ano 2008, xa co decreto do bipartito en vigor. Se ben transcorrera só un ano dende a súa recente aplicación, no informe xa se detectaron indicios de mellora, aínda que a situación da lingua galega seguise a estar desfavorecida. Por iso, no informe valorouse positivamente o novo modelo de linguas no ensino, e animouse ao goberno autonómico a continuar con ese tipo de políticas lingüísticas na educación (Consello de Europa 2008: 127-128).

Considerando os motivos que se expuxeron nesta epígrafe, podemos afirmar que o expresado polo deputado Lobeira Domínguez no que atinxe ao modelo de distribución de linguas proposto polo PPdG, así como á súa incoherencia co estipulado na Carta europea para as linguas rexionais e minoritarias, está ratificado.

### 3.2. Oitava lexislatura

Como puidemos comprobar ao longo das páxinas anteriores, durante a sétima lexislatura de Galicia o PPdG asumiu unha posición totalmente contraria ao Decreto 124/2007, ao defender no seu discurso un modelo lingüístico no ensino baseado fundamentalmente en tres aspectos: a) a distribución horaria a partes iguais entre o galego e o castelán, que se podía dividir en tres partes no caso dos centros que incorporasen unha lingua estranxeira como parte do currículo; b) a liberdade de elección idiomática por parte de alumnado; e c) a responsabilidade dos pais de elixir a lingua na que educar aos seus fillos durante o primeiro ensino. En esencia, con estes obxectivos este partido afastábase do consenso acadado coa aprobación do Plan xeral no ano 2004, o cal propoñía un uso prioritario do galego nas aulas como medida compensatoria do desequilibrio entre os dous idiomas oficiais, e tamén ignoraba os compromisos e as recomendacións do Consello de Europa acerca do cumprimento da Carta europea para as linguas rexionais e minoritarias nos informes que se foron publicando sobre a situación en España ao longo dos últimos quince anos.

Se ben este retroceso no proceso de normalización do galego nas aulas se converteu nunha realidade coa aprobación do Decreto 79/2010, coloquialmente chamado *decreto do plurilingüismo*, nos meses previos á celebración das eleccións autonómicas do 2009 o PPdG xa deixara clara á súa intención de derrogar, no caso de obter a vitoria nas urnas, o Decreto 124/2007. Nunha entrevista á emisora COPE en xaneiro do 2009, Alberto Núñez Feijóo xa anticipara algunhas das características do novo decreto, baseadas na eliminación de calquera uso prioritario do galego:

El Presidente del PP de Galicia también se ha afanado por aclarar su política en materia lingüística. En este sentido, ha anunciado que derogará el decreto de política lingüística aprobado por el Gobierno bipartito antes de que se cumplan sus primeros diez días en el Ejecutivo.

Centra su discurso en la educación infantil, en la que garantiza a todos los padres que “podrán elegir la lengua” con la que sus hijos empiecen a leer y escribir. Tampoco está de acuerdo con que “todas las asignaturas troncales se den en gallego”. Por ello, asegura que promoverá una consulta para conocer la opinión de los progenitores. ([s.n.] 2009)

Polo tanto, dende o momento en que o partido asumiu novamente o mando da Xunta tiveron lugar no Parlamento de Galicia varios debates en que se trataba a inminente derogación do Decreto 124/2007, a elaboración das bases do Decreto 79/2010 e a situación que posteriormente se derivaría da súa aplicación.

Ao dispoñer na análise da oitava lexislatura dun corpus integrado por catro debates (a diferenza da única sesión parlamentaria que podemos obter da sétima), optamos por facer unha análise común das catro sesións. Isto débese a que ao facer un estudo clasificado por bloques de contidos, tal e como fixeramos ao longo da sección 3.1.1, o feito de tratalos de maneira conxunta permite que observemos o contraste entre os textos, moi próximos temporalmente.

### 3.2.1. O marco lexislativo, a ruptura do consenso e o cambio de discurso

A primeira das cuestións que debe ser tratada é a do marco lexislativo e a do amparo legal do que sería o novo decreto de distribución de linguas, ao ser un argumento repetido polos deputados do BNG e do PSdG nas catro sesións da oitava lexislatura que forman parte do noso corpus. Ao igual que ocorrera no debate xa analizado, os deputados Adán Villamarín (BNG) e Meijón Couselo (PSdG) recorren aos principios recollidos no Estatuto de Autonomía, a Lei de normalización lingüística, a Carta europea e no Plan xeral de normalización da lingua galega, facendo un especial fincapé neste último. Todos eles son empregados para denunciar o seu incumprimento coa publicación das Bases do Decreto 79/2010, e posteriormente coa súa entrada en vigor:

[Adán Villamarín] Pasa vostede por enriba do Estatuto de Autonomía de Galiza, da Lei de normalización lingüística, da carta europea das linguas rexionais e minoritarias, do plan xeral de normalización da lingua galega. (Parlamento de Galicia 24/06/2009: 84)

[Meijón Couselo] Iso dicíano vostedes, claramente, e o decreto 124 era absolutamente leal co Plan xeral de normalización lingüística, señor conselleiro. (10/02/2010: 68)

[Meijón Couselo] Onde vostedes dicían que farían consultas *urbi et orbe* –afirmaron tamén que o Decreto 124, por certo, non fora consultado, pero era un decreto que se axustaba ao 100 % ao Plan xeral de normalización–, onde todos os sectores xa tiñan traballado, seguimos esperando que nos digan un só punto que non cumpra o Plan xeral de normalización. (23/02/2010: 74)

[Meijón Couselo] Porque renegar do plan, votado unanimemente polo Partido Popular, é o que significa ter rachado cun exquisito proceso deseñado polo Goberno anterior. (12/05/2010: 41)

Ao constituírse como o documento de maior envergadura xamais feito en Galicia para acadar a normalización plena do idioma, parece lóxico que os grupos políticos mencionasen o plan con frecuencia, tanto no seu período como forza gobernante como cando se atopan na oposición. En esencia, nos fragmentos que acabamos de reproducir repróchase novamente ao PPdG o afastamento do consenso acadado no 2004, o cal foi conseguido, como xa mencionamos anteriormente, baixo un goberno presidido por este mesmo partido (vólvese consultar o inicio de 3.1).

Non obstante, non debemos esquecer que á marxe da relevancia histórica e política do Plan xeral, o certo é que a súa falta de rango xurídico ou legal provocou que non se xerasen consecuencias legais directas ante o feito de que o Decreto 79/2010 entrase en contradición con el. O mesmo deputado socialista destaca este feito, non sen despois matizar que o feito de ignorar os principios recollidos no plan representa o incumprimento dun compromiso que no seu momento os tres partidos asumiran ao aprobar o documento:

[Meijón Couselo] Onde vostedes dicían respecto coa lei, a sociedade respostou avisando que o Plan xeral de normalización lingüística, sen rango estrito de lei, sen rango estrito de lei pero si un documento consensuado e aprobado nesta Cámara por todas as forzas parlamentarias, si constituía un consenso; e comprobouse ademais que ese texto deixaba abertos moitos buracos por onde é posible derivar flagrantes incumprimentos lingüísticos a nivel da lexislación vixente, por non falar tamén de incumprimentos a nivel internacional. (Parlamento de Galicia 23/02/2010: 73)

A pesar desta constante mención aos acordos acadados, os deputados do PPdG non fixeron practicamente referencia nos debates ao propio

Plan de normalización ou á Carta europea<sup>17</sup>. Neste senso, a única intervención que rexistramos ao respecto é a do deputado Agustín Baamonde Díaz no debate producido o 24 de xuño do 2009. Neste senso, o parlamentario afirma que, se ben o PPdG amosou a súa capacidade de facer consenso mediante a aprobación do Plan baixo o seu goberno, hai diferentes formas de acadar a normalización lingüística:

[Baamonde Díaz] Non é verdade que nosoutros queiramos sacar o galego da Administración nin do uso normal. Non é verdade nin podería selo, en primeiro lugar porque nós sempre que abordamos os problemas do galego dende o Goberno o fixemos co consenso na man, aí está a Lei de normalización e aí está o Plano de normalización [...] Nosoutros entendemos que é mentira total e absoluta iso de que o Plan de normalización que aplicou o goberno bipartito é o único que se pode facer. Hai moitas máis formas de facer a normalización, hai moitas máis formas de levala a cabo. (Parlamento de Galicia 24/06/2009: 89, 90)

Tamén atopamos exemplos deste mesmo tipo de discurso respecto ao PXNLG no ámbito mediático. No ano 2009, durante os primeiros meses despois das eleccións, algunhas declaracións respecto á situación do galego, así como ao propio plan, xeraron unha notable polémica no ámbito social e político. De entre todas elas, nós recolleemos aquí unha que xerou especial controversia, autoría do por entón Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria Jesús Vázquez, ao cualificar o acordo como un “remuíño de ideas”:

El plan de normalización lingüística aprobado con el consenso de todas las fuerzas políticas en septiembre del 2004, siendo Manuel Fraga presidente de la Xunta, no será la referencia de la política lingüística que pretende llevar a cabo el nuevo Ejecutivo de Feijóo. Así lo dio a entender ayer el Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, quien se refirió al documento calificado en su día de histórico como un mero “remuíño de ideas”, que no supone ninguna “obriga legal” para la Xunta. (Sampedro e Alvarez 2009)

Non obstante, cómpre preguntarse o motivo deste cambio de discurso. Se nun principio o

PPdG apoiaba as medidas de compensación do galego que se fixeran no Plan, así como as concrecións para o ensino que se estaban a recoller no que sería o futuro Decreto 124/2007, resulta contradictorio que o mesmo partido político que se atopaba no goberno no momento da aprobación do PXNLG adoptara agora unha postura completamente oposta ás políticas positivas que se aplicaban co decreto, ademais de afastarse do consenso acadado previamente.

Este mesmo afastamento tamén é destacado por Meijón Couselo (PSdG) en tres dos cinco debates que conforman o noso corpus. De entre todas as alusións que fixo o deputado a este tema, (Parlamento de Galicia 23/02/2010: 74; 23/02/2010: 74; 12/05/2010: 41), nós destacamos unha especialmente relevante, pois fai referencia ás declaracións feitas por López Besteiro (PPdG) durante o proceso de elaboración do decreto, e que nós recolleemos ao comezo deste capítulo:

[Meijón Couselo] Sendo isto así comezamos a traballar os tres grupos e a ratificación pública de tal texto foi celebrado o día 22 de febreiro de 2007 en rolda de prensa donde a señora Besteiro dixo cousas como esta: o texto resultante garante o equilibrio entre as dúas linguas oficiais e o respecto á lingua materna sexa o galego ou o castelán. O PP aplaude tamén o feito de que o novo texto arrobe con orzamentos as medidas propostas no plan de 2004, do plan xeral. Posteriormente o PP de Génova, dicía eu antes, agora rectifico porque, efectivamente, señor conselleiro, rectificar é de sabios; no PP de Génova, e moitos do PP deste país, conseguiron mudar a opinión do Grupo Popular. A escusa foi o informe consultivo. Un informe obrigatorio como vostede ben sabe que obrigou –e así se fixeron– a realizar bastantes cambios sobre o texto. Cambios consultados unha e outra vez á señora Besteiro, por certo, hasta altas horas da noite e todos eses cambios consensuados co Grupo Popular. (Parlamento de Galicia 24/06/2009: 86)

En esencia, e de acordo coa intervención de Meijón Couselo que reproducimos máis arriba, a consulta das noticias dispoñibles ao respecto nas hemerotecas dixitais parecen evidenciar que o cambio de discurso por parte do PPdG

<sup>17</sup> Dende o punto de vista discursivo, o feito de que os deputados e deputadas do PPdG apenas mencionasen os acordos anteriormente consensuados constitúe un aspecto susceptible de análise, co cal se poden obter conclusións concretas sobre o fondo ideolóxico que subxace ás súas intervencións. Estes aspectos trátanse en detalle noutro traballo da nosa autoría, actualmente en fase de elaboración, no que analizamos estes mesmos debates dende a perspectiva retórico-discursiva, centrándonos nas estratexias empregadas por cada grupo para transmitir as súas mensaxes, ou agochar aquelas que desexan que permanezan ocultas.



cara ao Decreto 124/2007 produciuse dende o momento en que o Consello Consultivo emitiu o seu ditame, con data do mes de xuño dese mesmo ano. Para probar esta idea, basta con remitirnos ás datas: mentres que no mes de febreiro a deputada López Besteiro valorara favorablemente o texto (Álvarez 2007), tan só sete meses despois criticáralo duramente na sesión parlamentaria do 12 de setembro, xa analizada nas epígrafes da sétima lexislatura. A partir deste punto, os populares defenderían uns argumentos sobre a situación do galego no ensino completamente opostos ao recollido no Plan e no Decreto 124/2007, e que se acabaría aplicando coa entrada en vigor do Decreto 79/2010.

### 3.2.2. A acción compensatoria da escola e o equilibrio horario

Outro dos aspectos que foron tratados nos debates que se integran na oitava lexislatura, ao igual que acontecera na sétima, é a discusión sobre cal é a porcentaxe de horas que se lle debería dedicar a cada lingua nas aulas, así como a repercusión que isto pode ter sobre as competencias do alumnado. Ao longo da sección 3.1. xa puidemos observar que os parlamentarios do PSdG e o BNG defendían o establecido no Plan xeral, isto é, o mínimo do 50% do horario anual reservado para o uso do galego, mentres que o PPdG apostaba por unha distribución a partes iguais entre cada idioma. Con todo, agora a novidade reside en que os deputados do BNG e do PSdG empregaron algúns dos argumentos desenvolvidos por nós neste traballo, e que están sustentados en fontes de consulta especializadas.

Comezando polos argumentos empregados polo BNG, a deputada Adán Villamarín expuxo a necesidade de dedicar máis espazo ao galego que ao castelán, ao consideralo como o único xeito mediante o cal toda a mocidade galega pode ter acceso a unha competencia equiparable en ambas as dúas linguas, con independencia do seu idioma inicial ou habitual. A adquisición destas competencias bilingües, de acordo coa parlamentaria, permitirían garantir a liberdade de escolla dunha lingua ou doutra nos contextos alleos á escola. Nos seguintes extractos pódese observar este mantemento do discurso, defendendo a priorización o uso do galego cos argumentos aquí descritos (o *italico* é noso):

[Adán Villamarín] *¿Vai vostede garantir de que os nenos e as nenas galegos e galegas teñan competencia lingüística en galego suficiente para exercer a liberdade e poder usalo, se así*

o quixeren, con seguranza e corrección? (Parlamento de Galicia 24/06/2009: 91)

Non podemos seguir a voltar falando de liberdade cando o que nos propoñemos nestas bases é liberdade como facer o que me dá a gana –o cal non é unha forma de entender a liberdade–, *permitirlle ao alumnado que se dirixa ao profesorado como queira, iso non é liberdade, iso non é garantirlle a súa boa competencia lingüística e o coñecemento dos termos.* (22/02/2010: 71)

No tocante ao discurso do PSdG, nestes debates Meijón Couselo fai unha mención explícita ao predominio do castelán nos contextos da sociedade alleos á escola, dándose unha situación de desigualdade entre unha lingua e outra. Deste xeito, ao xuízo do deputado socialista, o equilibrio no horario que defende o PPdG, e que remata aplicándose co Decreto 79/2010, non ten cabida se o que se pretende é conseguir unha verdadeira igualdade entre as dúas linguas oficiais:

[Meijón Couselo] As linguas apréndense a través do contacto con elas, no contorno escolar e tamén no extraescolar; isto significa que a lingua socialmente prevalente dispón de moitos máis mecanismos e dispositivos e recursos engadidos para ser aprendida. (Parlamento de Galicia 10/02/2010: 62)

Aquí en Galiza ningún ten dificultades, afortunadamente, na súa liberdade de uso nada máis que os galegofalantes; eles si que teñen dificultades para poder usar a lingua galega. (12/05/2010: 45)

En síntese, mediante os argumentos empregados no extracto anterior Meijón Couselo afirma que a posición de dominio do castelán garante que a súa adquisición se vexa garantida, aínda que se priorice o uso do galego no ensino. Noutras palabras, a súa posición hexemónica supón que, de acordo con Monteagudo, Loredó e Vázquez (2016: 38), non existen evidencias de que existan competencias deficitarias nesta lingua, independentemente de cal sexa o idioma habitual de cada persoa.

Porén, ao non haber un dominio en galego totalmente equiparable ao castelán, tal e como xa quedou demostrado co traballo realizado polo ICE que foi analizado máis arriba (Silva 2010a; Loredó e Silva 2014), cómpre desenvolver unhas políticas compensatorias que contribúan a equiparar a posición actual do galego á do castelán, e que contaron co apoio dos tribunais durante o período de aplicación do Decreto 124/2007, como xa vimos anteriormente. Os

proprios conceptos de *discriminación positiva e compensación* son empregados polo deputado socialista e a política Adán Villamarín (BNG) nun dos debates desta lexislatura (o itálico é noso):

[Meijón Couselo] E que *se queremos equidade lingüística, se queremos lograr unha competencia semellante en galego e castelán, é preciso unha discriminación positiva na nosa lingua*, discurso, por certo, este que sempre foi avalado polo Partido Popular; iso si, eran outros tempos, eran outros deputados, pero son moitos os que continúan aquí e mudaron de criterio –e estou mirando algúns–, de forma vergoñenta, entre eles o actual presidente da Xunta. [...]

[Adán Villamarín] *Se non temos unha política lingüística que no ensino faga de compensación de todo o entorno, de todo o entorno, é imposible que os nenos e as nenas adquiran competencia plena en galego.* (Parlamento de Galicia 23/02/2010: 74, 78)

Por outra banda, os parlamentarios do PPdG que participaron nestes debates continuaron a manter o mesmo tipo de argumentos que esgrimiran dende os meses previos á entrada en vigor do Decreto 124/2007, e que definirían os trazos do Decreto 79/2010: falamos da defensa dun equilibrio horario entre as dúas linguas, en contra do factor compensatorio e a discriminación positiva defendida por Meijón Couselo e Adán Villamarín nos parágrafos anteriores. A continuación amosamos tres fragmentos das intervencións de Jesús Vázquez Abad, o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria entre o 2009 e o 2015, en dous dos debates do noso corpus en que o político afirma que o proxecto do decreto do plurilingüismo cumpría co establecido na Constitución, no Estatuto de Autonomía e na LNL, garantindo a competencia en ambos os dous idiomas mediante o devandito equilibrio:

[Vázquez Abad] Hai que conseguir que nas clases se fale galego e tamén castelán, sen que iso supoña a difusión de manifestos nin protestas a prol dunha lingua ou doutra. Tal como establecen tanto a Constitución no artigo 3 como o Estatuto de autonomía de Galicia no artigo 5, como a Lei de normalización lingüística, os dereitos lingüísticos da cidadanía galega abranguen o dereito ao uso do idioma galego e do idioma castelán sen ningún tipo de discriminación. (Parlamento de Galicia 24/06/2009: 85)

O texto sometido á opinión e propostas foi elaborado baixo a premisa de garantir a competencia lingüística dos alumnos en galego e

castelán –para que coñezan e poidan empregar as dúas linguas oficiais de Galicia en liberdade–, o equilibrio entre o galego e o castelán e a entrada progresiva dunha ou máis linguas estranxeiras no ensino e por suposto a promoción da lingua galega. [...] Pois ben, para o actual Goberno galego as bases de elaboración do decreto aseguran unha porcentaxe estable das linguas na que se imparten as materias en todos os niveis educativos, co correspondente equilibrio horario. Desde educación infantil ata o ensino postobrigatorio, bacharelato e formación profesional establécese unha regulación de convivencia lingüística equilibrada, definida no propio texto do decreto, e que garante unha competencia plena tamén tanto en galego como en castelán. (10/02/2010: 63, 64)

En síntese, este modelo de linguas que o PPdG defende co novo decreto, baseado nun reparto igualitario entre os dous idiomas oficiais (división horaria do uso das linguas a partes iguais), ignora as recomendacións sociolingüísticas e pedagóxicas que se fixeron dende o momento en que o goberno da Xunta fixo públicas a finais do 2009 as bases para o que sería o futuro novo decreto, así como as sentenzas xudiciais que apoiaran as políticas compensatorias aprobadas co decreto anterior. Todas estas recomendacións coinciden no mesmo punto, isto é, no feito de que facer unhas políticas de acción positiva do galego resultan lexítimas, en consonancia co establecido na Constitución, no Estatuto de Autonomía e na propia Lei de normalización lingüística, tanto pola necesidade de acadar unha competencia axeitada en galego como de potenciar o seu uso. A propósito disto, é necesario volver a mencionar a análise académica que a Real Academia Galega fixera acerca destas mesmas bases, na que se cataloga este equilibrio horario como unha “igualdade de desiguais” (2010: 7). Este tratamento desigual, agochado nunha distribución que semella “xusta” polo feito de facer unha distribución lingüística a partes iguais, tamén é criticado polos mesmos deputados do PSdG e do BNG nun dos debates da oitava lexislatura:

[Meijón Couselo] Estamos nunha situación asimétrica das linguas e vostedes confunden equilibrio, que é o que nós demandamos para as linguas ao finalizar a etapa docente, con ese equilibrio no horario. (Parlamento de Galicia 10/02/2010: 71)

[Adán Villamarín] Sentenza do Tribunal Constitucional e diferentes sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza: que existe un erro polo cal confunden a competencia lingüística cunha

cuestión de horarios, dado que o que se pretende é a competencia lingüística plena en lingua galega, non un –digamos– reparto horario. (*Ibid.*: 63)

### 3.2.3. O “monolingüismo” do Decreto 124/2007

Outro dos argumentos que foi empregado polo PPdG en varias ocasións nestes debates foi o do *monolingüismo*. Esta palabra foi empregada por frecuencia polo conselleiro Vázquez Abad e o parlamentario Baamonde Díaz (PPdG) como unha forma connotativa de describir a discriminación positiva que se facía do galego co modelo lingüístico aplicado co Decreto 124/2007. Noutras palabras, estes dous políticos afirman co seu discurso que a acción compensatoria do galego deriva nunha práctica desaparición do castelán nas aulas:

[Vázquez Abad] Porque o goberno do Partido Socialista e do Bloque afrontou unha política lingüística que estivo ao servizo dos intereses dunha minoría nacionalista, que pretendeu impor o monolingüismo. (Parlamento de Galicia 24/06/2009: 85)

[Baamonde Díaz] Por iso, nosoutros non acusamos ao Bloque Nacionalista Galego de impoñer o galego en Galicia, do que o acusamos, cando falamos de imposición, é de estipular un sistema lingüístico baseado no monolingüismo, neste caso no monolingüismo galego. [...] Non é vostede intelixente, señor Lobeira, se pensa que a solución do galego pode vir unicamente das teses do BNG, unicamente das teses do monolingüismo, unicamente das teses de imposición. Esas teses xa foron rexeitadas pola sociedade galega, e esas teses teñen ademais o efecto nefasto de levar á identificación do galego como idioma do BNG, o cal está a facer un gravísimo inconveniente á nosa lingua. (12/05/2010: 35, 36)

En relación co exposto por estes dous parlamentarios, o feito de que co Decreto 124/2007 o alumnado tivese que empregar o galego como o idioma vehicular nas materias respectivas, sen que se establecese a mesma obriga para o castelán, deu como resultado que os sectores contrarios ao decreto interpretasen isto como unha discriminación do castelán. O mesmo acontecía coa cuestión da distribución horaria, pois no decreto do bipartito recollíase que o uso do galego quedaba reservado para unhas materias específicas que constituían un mínimo do 50% do horario anual, sen establecerse un mínimo de horas para o castelán; en calquera caso, era o centro o que debía decidir o resto das porcentaxes para cada idioma, de acordo co seu proxecto lingüístico. Ante esta

situación, o PPdG amosou a súa oposición, arxúndo que isto ocasionaba en moitos centros a práctica eliminación desta lingua do currículo educativo.

De todos modos, se ben este monolingüismo en galego non se chegaba a producir na inmensa maioría dos centros de Galicia, o certo é que mesmo no caso dos centros que desexasen reservar a maior cantidade de horas para o uso do galego, o predominio social do castelán parece indicar que o dominio deste idioma está garantido, tal e como puidemos constatar na epígrafe dedicada a tratar a cuestión das competencias. Mesmo nos escasos centros en que o emprego do castelán quedaba reducido a unha ou dúas materias, as achegas realizadas ao respecto parecen indicar que se aplicaba un modelo de inmersión parcial en galego, sen chegar a derivar no monolingüismo (Fernández, Lorenzo e Ramallo 2008: 63-65; Iglesias 2017: 53-56; Gradín 2020: 49-59).

Como xa describimos en 3.2.1, foi nos meses previos á aplicación do Decreto 124/2007 cando xurdiron protestas por unha parte da cidadanía que era contraria ao decreto, organizada baixo unha iniciativa denominada *Tan gallego como el gallego*. O seguinte fragmento pertence a un manifesto dunha campaña de recollida de firmas realizada pola devandita iniciativa, co principal obxectivo de intentar evitar a entrada en vigor do decreto do bipartito. Como se pode observar, neste texto fálase da posibilidade de “marxinación” do castelán nos centros, dada a distribución horaria de linguas que figuraba no texto:

Los abajo firmantes queremos expresar nuestra preocupación por el acuerdo alcanzado entre la consellería de educación y los distintos grupos políticos que obliga a un mínimo de 50 % de clases en gallego y permite, incluso, que los centros impartan todas las materias en ese idioma, excepto las lenguas. Es un acuerdo que desdeña los derechos de los padres y la libertad de expresión de los profesores, e impulsa al sistema educativo hacia un monolingüismo que en nada refleja la realidad social de Galicia. ([s.n.] 2007)

Tal e como se pode apreciar, existe un forte paralelismo entre este discurso e o que observamos por parte de Vázquez Adán e Baamonde Díaz, non só respecto ás reticencias cara á priorización do galego nas aulas, senón tamén cara ao factor da influencia dos pais á hora de decidir a lingua na que estudan os seus fillos. Neste senso, ignórase por completo a desigualdade imperante entre os dous idiomas na

sociedade e avógase pola lexitimidade dos dereitos individuais, sen teren en conta que o estipulado na Constitución e no Estatuto sobre os dereitos e deberes de coñecemento e uso de cada lingua non teñen cabida no eido educativo, como probaron as diferentes sentenzas feitas polo TSXG acerca do establecido no Decreto 79/2010, as cales serán tratadas máis adiante.

### 3.2.4. A liberdade de elección de idioma do alumnado

Como xa podemos comprobar na epígrafe 3.1.2, unha das cuestións que xerou máis polémica na sesión parlamentaria da sétima lexislatura foi a das obrigacións idiomáticas en galego. Isto fora altamente criticado polo PPDG, ao considerar que supoñía unha vulneración dos dereitos lingüísticos dos discentes, e representou un dos principais aspectos susceptibles de crítica para AGLI, que como xa vimos non intentara impugnalo mediante un recurso interposto aos poucos meses de entrar en vigor. Para esta asociación, o feito de que non existise un factor de obriga de uso do castelán nas materias restantes representaba un dos exemplos concretos da discriminación desta lingua que se facía no decreto.

Nos debates parlamentarios que forman parte do noso corpus da oitava lexislatura, a cuestión das liberdades e obrigas lingüísticas volvéronse tratar con frecuencia. A diferenza agora radicaba en que ante a inminente derogación do Decreto 124/2007, o PSdG e o BNG amosaron a súa preocupación polo expresado nas bases do que sería o novo decreto de distribución de linguas no ensino, ao permitirse que o alumnado usase “a lingua oficial da súa preferencia” (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 25/05/2010: 9245). Este punto do decreto (o 12.3) foi denunciado de maneira máis específica por Adán Villamarín (BNG) na sesión parlamentaria do 10 de febreiro do 2010, usando como xustificación do seu discurso os argumentos defendidos por xuristas e polos propios tribunais de xustiza en diferentes sentenzas feitas sobre o Decreto 124/2007, que apoiaban a lexitimidade da obriga de uso do galego que se recollía no texto:

Máis de 50 xuristas presentan unha análise xurídica das bases nas que se di que é preocupante o descoñecemento do Goberno galego sobre o marco constitucional e estatutario. Poderíamos ir polo miúdo, onde se di que se trabuca ao entender que do dereito fundamental á educación non se deriva a existencia dun dereito á elección lingüística.

Sentenza do Tribunal Constitucional e diferentes sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza: que existe un erro polo cal confúnden a competencia lingüística cunha cuestión de horarios, dado que o que se pretende é a competencia lingüística plena en lingua galega, non un –digamos– reparto horario. Aínda máis, critícan neste aspecto a base legal para que os nenos, as nenas, mozos e mozas, se poidan dirixir ao profesorado noutra lingua diferente da cal se estea impartindo a materia, como por certo as bases recollen respecto ao inglés, non respecto ao galego. (Parlamento de Galicia 10/02/2010: 63)

Nesta análise mencionada por Adán Villamarín afirmábase que derivar a elección lingüística no alumnado representa un incumprimento das responsabilidades asumidas pola Xunta, en concordancia co artigo 27 da Constitución. Noutras palabras, segundo este estudo o goberno galego é o responsable da completa e total programación educativa, dentro da cal se inclúe a decisión de que idiomas se deben empregar como vehiculares nas aulas. Tal e como xa mencionamos anteriormente, unha porcentaxe considerable da mocidade só ten acceso a unha adquisición do galego a través da escola. Este aspecto, unido á situación de desigualdade entre o galego e o castelán na sociedade, leva a este grupo de xuristas a afirmar que a obrigatoriedade de usar o galego é un dos procedementos necesarios para cumprir co establecido na LNL, isto é, o dominio das dúas linguas ao remate de cada ciclo educativo. En consecuencia, no Decreto 79/2010 ponse en perigo esta parte da lexislación, ademais de actuar en contra do establecido en diferentes sentenzas feitas ao respecto polo TSXG e o propio Tribunal Constitucional (Alfaya *et al.* 2009: 7-8).

A idea expresada por Adán Villamarín e os xuristas asinantes da análise das bases parece estar xustificada baixo unha perspectiva legal, pois ao pouco tempo de entrar en vigor a versión definitiva do Decreto 79/2010, tras os recursos interpostos pola Real Academia Galega e a Mesa pola Normalización Lingüística, entre outros organismos, o TSXG decidiu eliminar o factor da liberdade de elección lingüística do alumnado que se recolle no xa mencionado artigo 12.3. Segundo o que se afirma na Sentenza 1313/2012, esta parte do decreto resultaba contraditoria co artigo 13.2 da LNL, destinada ao promover o uso do galego no ensino. Por outro lado, aínda que no mesmo punto do decreto se incluíse que se debía “procurar” que os estudantes empregasen a lingua en que se impartise a materia, para o tribunal este aspecto

resultaba incompatible coa ausencia de obriga de uso deste idioma (Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 28/11/2012: 21). Así pois, e polos motivos aquí expostos, o artigo 12.3 foi finalmente impugnado.

Ante esta situación, resulta esclarecedor que mentres os tribunais decidiron non aceptar ningún dos intentos de impugnación do Decreto 124/2007, o 79/2010 vírase modificado en dúas das súas características básicas, sendo unha delas o factor da liberdade lingüística á que vimos facendo referencia nesta epígrafe. Esta medida era xustificada por parte do goberno do PPdG como medida destinada a garantir os dereitos individuais do alumnado e a adquisición dunha competencia axeitada nas dúas linguas oficiais. Como se pode intuír, estas afirmacións ían en contra do expresado non só nas sentenzas feitas a propósito do decreto anterior, senón nas recomendacións de diversas institucións e organizacións do ámbito lingüístico e pedagóxico cunha notable autoridade académica, entre as que se inclúen a xa mencionada Real Academia Galega ou o Consello da Cultura Galega, entre outras<sup>18</sup>. A continuación amosamos dúas intervencións do deputado parlamentario Baamonde Díaz e o Conselleiro de Educación Vázquez Abad (PPdG) onde deixan constancia do tipo de discurso asumido polo seu partido ao respecto do factor da elección de lingua:

Vostedes quixeron facer a política de normalización dende a imposición, por iso nosoutros queremos facer a política de normalización dende a liberdade. Nosoutros non queremos impoñer nin o galego nin o castelán, nosoutros queremos impoñer a igualdade das dúas linguas; non queremos que en Galicia ninguén fale exclusivamente galego nin ninguén fale exclusivamente castelán, queremos que se falen as dúas linguas en pé de igualdade, pero buscando a igualdade non pola imposición senón exclusivamente pola liberdade. (Parlamento de Galicia 24/06/2009: 90)

[Vázquez Abad] O texto sometido á opinión e propostas foi elaborado baixo a premisa de garantir a competencia lingüística dos alumnos en galego e castelán –para que coñezan e poidan empregar as dúas linguas oficiais de Galicia en liberdade. (10/02/2010: 64)

### 3.2.5. O plurilingüismo e a incorporación de linguas estranxeiras ao currículo educativo do Decreto 79/2010

A pesar de que o PPdG defendía nestes debates un modelo baseado no equilibrio horario entre o galego e o castelán, coa entrada en vigor do Decreto 79/2010 a presenza do galego pode quedar reducida a un terzo do horario total, pois admítase a posibilidade de incorporación dunha terceira lingua vehicular ao currículo, na maioría dos casos inglés. Así se establece nos artigos 4 e 21 do texto, en que se destaca a necesidade da “adquisición dun coñecemento efectivo en linguas estranxeiras nun marco xeral de promoción do bilingüismo”, para o que o novo goberno admite que os centros que así o desexen “poidan chegar a ofrecer ata un máximo dun terzo do seu horario lectivo semanal” neste terceiro idioma (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 25/05/2010: 9243, 9246 e 9247). Esta medida foi defendida polo novo goberno en tres dos debates sobre o decreto que se produciron antes da súa inminente aplicación, de entre os cales recollemos o fragmento dunha intervención do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria naquel momento, Jesús Vázquez Abad (PPdG):

Pois ben, para o actual Goberno galego as bases de elaboración do decreto aseguran unha porcentaxe estable das linguas na que se imparten as materias en todos os niveis educativos, co correspondente equilibrio horario. Desde educación infantil ata o ensino postobrigatorio, bacharelato e formación profesional establécese unha regulación de convivencia lingüística equilibrada, definida no propio texto do decreto, e que garante unha competencia plena tamén tanto en galego como en castelán. Ademais, apóstase pola capacitación efectiva do alumnado no dominio das linguas estranxeiras, nomeadamente do inglés, unha materia pendente do Goberno galego, para adaptarse ás novas necesidades sociais do contexto no que vivimos. (Parlamento de Galicia 10/02/2010: 65)

Esta cuestión xerou unha controversia que tamén se reflectiu no ámbito xudicial. De entre as sentenzas realizadas a propósito do Decreto 79/2010, nós destacamos aquí as 1282/2012 e

<sup>18</sup> Para máis información sobre esta cuestión, consúltase a listaxe de artigos, entrevistas e posicionamentos públicos feitos por diferentes institucións, asociacións e derivados cara ao decreto do plurilingüismo nesta ligazón: <https://www.cntn.gal/web/notic.php?id=510>.

1313/2012, recorridas pola Mesa pola Normalización Lingüística e a Real Academia Galega, xa destacadas ao final da epígrafe anterior, e as cales adquiren unha especial relevancia por ser as primeiras organizacións que emprenderon accións legais contra o texto. Entre os diferentes puntos do decreto que se impugnaron nelas, atópase o do terzo de horario que se ofrece para o uso de linguas estranxeiras, se así se recolle nos proxectos lingüísticos dos centros de ensino que opten por incorporaren esta medida. Para explicar os motivos que motivaron estas sentenzas, resulta esclarecedora a reflexión que a Real Academia Galega fixo a este respecto:

O que non parece correcto é que se presente este proxecto do plurilingüismo como unha novidade que vai chegar agora en compensación do sacrificio de reducirmos a presenza do galego coa aprobación destas Bases. Non está no texto das Bases pero está na música que o acompaña: os galegos disque temos que sacrificar a nosa lingua local para sermos universais. (Real Academia Galega 2010: 21)

En síntese, a institución defende que coa aplicación do estipulado no decreto estase a espallar a idea implícita de que para aprender unha lingua estranxeira e asociada cunha necesidade de adaptarse ao mundo globalizado (como é por exemplo o inglés), cómpre renunciar ou restarlle importancia a unha lingua autóctona e propia como é o galego. Considerando isto, a Academia expresa na súa análise do texto a súa oposición a este punto do texto, argumentando que non resulta lícito “poñer a lingua estranxeira ao nivel dunha lingua oficial, nin reducir a presenza do galego ao 33%” (*Ibid.*: 22). Atopamos a mesma idea no ditame que emitira o Consello da Cultura Galega en febreiro do 2010 sobre as bases do devandito decreto, ao chegarse á conclusión de que a introdución dese terceiro idioma “non deberá facerse á custa do horario de uso dunha soa das linguas oficiais” (*Ibid.*: 16).

Ademais do expresado nos parágrafos anteriores, nestes dous manifestos tamén se destaca que esta forma de promover a aprendizaxe das linguas estranxeiras contradíse cos procedementos pedagóxicos recomendados polo Consello de Europa, ao tratarse dunha medida que en España aínda se atopa nas súas fases iniciais. Noutras palabras, o feito de situar o inglés como un idioma vehicular máis, sen realizar ningún proceso de trámite ou preparación previo, non resulta coherente co carácter

progresivo da medida que se aplica co Decreto 79/2010. Como unha solución alternativa a esta cuestión, tanto a Academia como o Consello de Cultura recomendan desenvolver medidas de preparación e máis moderadas, tales como potenciar a formación do profesorado, fomentar os intercambios, desenvolver os medios para unha aprendizaxe de linguas máis oral e participativa, comezar coa introdución do inglés no ensino universitario ou coa creación de “seccións bilingües” nos centros, tal e como xa se fixera durante o tempo en que o Decreto 124/2007 estivo en vigor (Consello da Cultura Galega 2010: 17; Real Academia Galega 2010: 22). Así pois, todas estas ideas semellan opcións posibles para mellorar a competencia lingüística en inglés por parte do alumnado, e sen que se lle resten horas ao uso da lingua propia nas aulas, nun momento histórico en que o ensino se constitúe como un dos principais ámbitos para acadar unha normalización lingüística para un idioma que se atopa en situación de desvantaxe no seu propio país.

Non obstante, e a pesar destas obxeccións expresadas polas dúas institucións, á hora de publicar a resolución da sentenza o TSXG só a estimou parcialmente, manténdose a opción de inclusión dunha terceira lingua estranxeira no horario dos centros. Como xustificación, o tribunal argumentou que por mor da necesidade do alumnado de dispoñer dunha competencia axeitada en linguas estranxeiras, tal e como se recollía na Lei orgánica de educación do 2006, así como debido ao seu amparo constitucional, este punto do decreto tiña validez:

En consecuencia, existe un mandato y cobertura de una norma con rango de Ley orgánica para la inclusión de aquel principio del artículo 4.3 del Decreto impugnado, en cuanto tendente a la adquisición de un conocimiento efectivo en lenguas extranjeras en el ámbito de la enseñanza no universitaria de Galicia. (Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 21/11/2012: 4)

Independentemente do estipulado polo TSXG nestas sentenzas, nós asumimos a posición expresada pola Real Academia e o Consello da Cultura Galega acerca do feito de introducir unha lingua estranxeira no currículo a costa da redución de horas de uso do galego. O motivo desta postura débese ao feito de que, ademais das ideas expresadas ao longo desta epígrafe, o propio Tribunal apoiara na súa sentenza 01084/2007 as medidas de discriminación positiva do galego recollidas no decreto do bipartito, ao entender que os obxectivos de

normalización lingüística no ensino que se recollían na LNL amparaban ao goberno galego á hora de desenvolver as medidas necesarias para conseguir unha igualdade plena entre os dous idiomas oficiais. Neste senso, non nos deixa de sorprendere que o máximo órgano de autoridade xudicial de Galicia considerase como lexítima unha medida completamente contraria ás estratexias de normalización e planificación lingüística que aprobara tan só tres anos antes.

Outro dos aspectos que merecen ser destacados dentro desta epígrafe, ao estar dedicada ao plurilingüismo, é a mención a outra lingua estranxeira por un dos deputados do Parlamento de Galicia nos debates desta lexislatura. Falamos de Adán Villamarín (BNG) e da súa mención do portugués, ao consideralo como un idioma de fácil acceso para o alumnado. Se ben os sectores defensores do Decreto 124/2007 non empregaron nesta época un discurso caracterizado polo mesmo tipo de argumentos cós usados polos seus detractores (baseados na percepción instrumental das linguas e no seu valor como instrumentos de mercado) en varias ocasións si se rexistran algunhas mencións á “utilidade” do galego en canto á súa potencialidade como canle de comunicación con Portugal, Brasil e os outros países lusófonos. Deste xeito, nas seguintes liñas achegamos un fragmento da intervención da deputada na sesión do 23 de febreiro do 2012, onde manifesta que considerando os presupostos ideolóxicos asumidos polo PPdG, resulta contradictorio que o goberno non apoie unha maior promoción da lingua portuguesa no ensino polos motivos que acabamos de expoñer:

[Adán Villamarín] E soamente dúas cuestións. Non me gustaría argumentar de xeito pragmático –porque creo que a utilidade da lingua vai máis alá de calquera pragmatismo–, pero incluso a vostedes, que lles gusta tanto falar do mercado e dos presupostos liberais –acabamos de velo na anterior comparecencia–, non sei se non sería bo potenciar a lingua coa que se comunica unha das maiores potencias económicas do mundo como é o Brasil. Claro, de repente o señor presidente se entera de que existe o portugués e que igual había que potencialo no ensino, pero é que xa trinta centros estaban dando

materia de portugués –por certo, que non se potenciou nada no presente curso–. Ou sexa, que vostedes, incluso, nin tan sequera son capaces de ver as potencialidades do pragmatismo económico da lingua galega. (Parlamento de Galicia 23/02/2012: 72)

### 3.2.6. O papel das familias no Decreto 79/2010

O último dos aspectos que merecen ser comentados na análise desta lexislatura refírese á consulta ás familias que o PPdG realizou en xuño do ano 2009, coa que supostamente se lle pretendía outorgar unha maior importancia ao criterio dos proxenitores ou dos titores legais do alumnado para axudaren a decidir o tipo de modelo lingüístico que se aplicaría no ensino un ano máis tarde. Segundo o que xa se adiantara no seu programa electoral, o novo goberno autonómico realizou unha serie de cuestionarios que se distribuíron dende os centros ao peche do curso académico 2008/2009, e que de acordo coas declaracións do Conselleiro Vázquez Abad serían “tidas en conta como punto de partida para o novo decreto” (a tradución é nosa) (Taboada 2009: 21). Estas enquisas estaban adaptadas a cada nivel educativo, de xeito que se debían corresponder con catro preguntas básicas<sup>19</sup>: a) a lingua na que se prefería cursar as chamadas “materias troncais” (que constituían arredor do 40% do currículo); b) a lingua en que desexaban que se impartisen as clases; c) o idioma en que desexaban realizar as probas orais e escritas; d) a opinión sobre a posibilidade de impartirse un número de horas non especificado en inglés (*Ibid.*: 21).

A posta en marcha da enquisa e a súa posterior distribución xeraron unha notable controversia por parte de diferentes sectores do ámbito político, educativo, académico e sindical ao consideraren que esta iniciativa carecía de rigor pedagóxico e sociolingüístico, pois facía responsables ás familias dunha cuestión que debería afastarse de calquera tipo de decisión individual e subxectiva. Nos debates parlamentarios que aquí se analizan, Adán Villamarín (BNG) foi a deputada que lle dedicou a maior cantidade de tempo a falar desta medida, enumerando os motivos polos que o seu grupo político adoptaba unha postura totalmente oposta:


<sup>19</sup> A excepción constituían a Educación Infantil, no que as preguntas a responder eran: a) a lingua inicial do alumno ou alumna; b) a súa lingua habitual; c) a lingua na que debería iniciarse á aprendizaxe da lectoescritura; e d) a valoración sobre a posibilidade de recibir contidos impartidos en inglés.

[Adán Villamarín] Primeiro, esta é unha consulta deseñada á marxe da comunidade educativa, carente de rigor na metodoloxía, de distribución e no procesamento de datos. A enquisa é rigurosa e mostra un grande descoñecemento tanto da sociolingüística como do mundo do ensino, o que nos parece aínda máis grave. Non estamos diante dun tema que afecte só ao sistema educativo como servizo público (...) son cuestións que afectan ao conxunto da sociedade, e non exclusivamente aos pais e nais. [...] Xa que logo, rexeitamos esta consulta na que a consellería utiliza os centros educativos como correa de transmisión sen a posibilidade de dar a súa opinión, nunha iniciativa que supón por intereses non educativos un ataque á nosa lingua. (Parlamento de Galicia 24/05/2009: 83)

Segundo os resultados obtidos destas enquisas, case un 50% das familias enquisadas con alumnado de Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria optou por un modelo lingüístico total ou maioritariamente impartido en castelán, mentres que arredor dunha cuarta parte dos enquisados prefería un modelo distribuído a partes iguais. No referente á realización das probas orais e escritas, as porcentaxes inclináronse moi considerablemente a favor do castelán, con arredor do 50% decantándose por esta opción. Finalmente, no referente aos materiais curriculares, máis dun 60% dos enquisados de Educación Primaria tamén preferiron o uso do castelán, pero no caso da Educación Secundaria rexistrouse unha maior división entre todas as opcións.

Na Educación Infantil, máis da metade das familias decantouse por un modelo dividido a partes iguais, mentres que nos ciclos de Formación Profesional observouse unha maior diversidade: máis do 52% optou polo modelo a partes iguais, pero no referente á lingua dos materiais de aprendizaxe e a empregada nas probas de avaliación as porcentaxes estaban considerablemente máis repartidas.

As reaccións dos outros partidos que naquel momento estaban representados na Cámara autonómica non se fixeron esperar. Adán Villamarín cualificara estes resultados como “unha farsa” e con preguntas “vagas, mal redactadas e precisas”, mentres que a entón voceira parlamentaria do PSdG Mar Barcón considerou que “non achegou nada” ao contar cunha “escasa



Resultados da consulta ás familias sobre a utilización das linguas no ensino non universitario de Galicia.

(Fonte<sup>20</sup>: Pérez 2009: 19)

participación” (Pérez 2009: 19). De feito, atopamos unha valoración similar nas análises das bases do decreto feitas pola Real Academia Galega (2010: 11-16), o Consello da Cultura Galega (*Ibid.*: 19-20) e o grupo de xuristas que realizara un estudo das bases dende unha perspectiva legal (Alfaya *et al.* 2009: 7-8), tal e como desenvolvemos nas epígrafes 3.2.4 e 3.2.5. No caso do traballo publicado pola Academia, que optamos por destacar aquí, a institución manifesta unha oposición totalmente contraria ao dereito dos pais a escoller a lingua na que estudan os seus fillos, ao representar un privilexio que non está recollido na Constitución, e que fora explicitamente negado polo TSXG e o Tribunal Constitucional en diversas sentenzas. Neste senso, na análise a RAG pon como exemplo a sentenza 1098/2007, feita polo tribunal galego a propósito do recurso interposto por un pai de Vigo que reclamara para o seu fillo o feito de cursaren as súas materias en castelán. Pese a que este recurso chegou ata o

<sup>20</sup> Se ben nesta fonte non se inclúe esta pregunta, cómpre mencionarmos que no devandito formulario tamén se incluía a pregunta sobre a impartición de materias en inglés; de acordo coa mesma autora, máis dun 60% dos enquisados amosaron a súa vontade de estudar parcialmente nesta lingua (Pérez 2009: 19).



Tribunal Constitucional, con data de confirmación do 21 de outubro do 2009, foi finalmente rexeitado (Real Academia Galega 2010: 13).

Sexa como for, e a pesar de tódolos informes e sentenzas contrarias ao feito de delegar nas familias a elección da lingua empregada nas aulas, o PPdG continuou a súa liña de actuación. No último debate do noso corpus, celebrado tan só dúas semanas antes de aplicarse finalmente o Decreto 79/2010, o Conselleiro Vázquez Abad volveu mencionar a influencia que exerceran os resultados da consulta na configuración da nova normativa, entendéndoa como a suposta evidencia da vontade da cidadanía galega:

[Vázquez Abad] Este Goberno escoitou esa maioría, pero tamén quixo escoitar ó resto das galegas e dos galegos, a toda a sociedade. Por iso desde o primeiro día, nun exercicio de respecto e pluralidade á liberdade do pobo galego, a Xunta de Galicia propiciou un proceso de reflexión e de diálogo que pretendeu ser o máis amplo posible para tratar de definir os mellores contidos do que denominamos decreto do plurlingüismo, texto que esperamos poder aprobar nos próximos días. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria presentou o 30 de decembro un documento de traballo que desenvolveu os principios e os contidos para deseñar un novo marco normativo que substitúe o actualmente en vigor. O borrador estaba baseado nos resultados das consultas que se fixeron no mes de xuño e, por suposto, na promesa electoral recollida no noso programa da formación política que acadou a maioría absoluta o 1 de marzo. (Parlamento de Galicia 12/05/2010: 43)

Unha vez aplicado o decreto, o factor de consulta ás familias manteríase na Educación Infantil, ao recollese no seu artigo 5.2 que a lingua empregada nas aulas sería decidida a partir “dunha pregunta que e efectuará aos papais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla” (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 25/05/2010: 9244). Porén, este punto do texto converteríase no segundo punto impugnado polo TSXG (ademais do artigo 12.3, comentado na sección anterior) tralos xa mencionados recursos interpostos pola Mesa pola Normalización Lingüística e a RAG (Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 21/11/2012: 10, 12). Tal e como se recollera na propia

sentenza, “o decreto impugnado non dispón de base legal<sup>21</sup> nin ostenta rango suficiente para a atribución do protagonismo vinculante aos familiares á hora de determinaren a lingua que debe empregarse na aula na etapa da Educación Infantil” (a tradución é nosa) (*Ibid.*: 10).

#### 4. Conclusións

Ao longo das páxinas anteriores, tentamos analizar cal foi o fundamento empírico dos argumentos empregados en cinco debates parlamentarios sobre as linguas no ensino que se produciron entre o 2007 e o 2010. Despois de desenvolver os resultados obtidos do estudo, todo parece indicar que, mentres o PPdG desenvolveu unhas ideas que non están apoiadas pola maioría de fontes de consulta aquí empregadas, os deputados do BNG e do PSdG recorreron en moitas ocasións a argumentos que podemos atopar en numerosos estudos sociolingüísticos e sentenzas xudiciais feitas en Galicia, e que polo tanto contan cunha base empírica estable.

Comezando polo debate do 12 de setembro do 2007, integrado na sétima lexislatura, a deputada López Besteiro (PPdG) fixo referencia a catro aspectos que, ao seu xuízo, deslexitimaban o Decreto 124/2007 aplicado polo goberno bipartito: a) a ausencia dun deber constitucional ou estatutario de empregar o galego; b) o dereito á liberdade á elección de lingua por parte do alumnado nas materias non lingüísticas, como consecuencia do punto anterior, tanto na dimensión oral como escrita; c) a necesidade dunha distribución de linguas a partes iguais, de xeito que ningunha lingua superase a porcentaxe da outra e se puidese acadar unha competencia axeitada nos dous idiomas oficiais; e d) o dereito dos pais, nais e titores legais a escoller a lingua empregada nos centros de Educación Infantil, de xeito que non se tomase unha decisión baseada exclusivamente nos datos sociolingüísticos da contorna.

Con todo, tras contrastalos coas fontes de consulta secundarias podemos afirmar que os argumentos empregados por esta política non teñen unha xustificación empírica. Sentenzas elaboradas polo TSXG e o TC, xa analizadas anteriormente, proban o feito de que ao atoparse o galego nunha situación de inferioridade, o feito de desenvolver políticas positivas que prioricen

<sup>21</sup> Para unha análise en profundidade sobre a (in)validez legal da consulta ás familias, véxase López de Castro (2010: 189-201).

o seu uso é algo lexítimo, en consonancia co establecido na Constitución, no Estatuto de Autonomía, na LNL e no propio PXNLG, este último aprobado por unanimidade no Parlamento galego (Tribunal Constitucional 23/01/1995: 50-51; Tribunal Superior de Xustiza Galicia 21/11/2007: 6-8). Polo tanto, a ausencia dun deber de uso do galego non é transferible ao eido educativo, nin implica a liberdade de elección lingüística que defendía a deputada.

Por outra banda, os datos achegados polo IGE (2008), a RAG (2008: 68) e o Instituto de Ciencias da Educación (Silva 2010a) amosan que na actualidade toda a cidadanía posúe unha competencia axeitada en castelán, con independencia da súa lingua habitual. Ao non ocorrer o mesmo co dominio do galego, resulta lexítimo aplicar un modelo de inmersión parcial ou total nesta lingua, tendo en conta os resultados positivos obtidos noutros territorios<sup>22</sup>, así como na propia Galicia trala experiencia dos proxectos de inmersión voluntarios en galego que se puideron desenvolver co Decreto 124/2007 en varios centros de Educación Infantil (Varela e Oubiña 2011: 70-74). Neste mesmo ámbito, o feito de delegar totalmente nos pais, nais e titores legais a decisión da lingua empregada no primeiro ensino podería derivar nun predominio do castelán afastado da realidade sociolingüística de Galicia, considerando a permanencia de moitos prexuízos sobre a lingua propia.

No que atinxe ao resto de deputados que participaron nesta sesión parlamentaria, Meijón Couselo (PSdG) e Lobeira Domínguez (BNG) empregaron un discurso sustentado en tres argumentos básicos: a) a previa aprobación unánime do PXNLG, que xustificaba o Decreto 124/2007; b) a necesidade de desenvolver políticas compensatorias do uso do galego, en relación co recollido no propio Plan; e c) a ratificación do Estado español da Carta europea para as linguas rexionais e minoritarias, así como os informes do seu comité de expertos que recomendaban continuar co modelo lingüístico aplicado co decreto.

En relación cos dous primeiros argumentos mencionados, Meijón Couselo defendía o que nós viñemos expoñendo durante o capítulo de resultados: as políticas positivas do uso do

galego constitúense como algo necesario se o que se pretende é a acadar a normalización da lingua, tal e como manifestaron os tribunais xudiciais ou institucións como a Real Academia Galega (2010) e o Consello da Cultura Galega (2010), entre outras. Ademais, o parlamentario apoiábase na aprobación previa e unánime do Plan xeral, que ademais contara coa participación do PPdG durante a súa elaboración.

Finalmente, o político Lobeira Domínguez fixera referencia á ratificación do Estado español da Carta europea para denunciar o incumprimento dos principios que se recollen nela en relación coa crítica situación do galego no ensino, e que agora se pretendía reverter co novo decreto. O primeiro informe elaborado pola comisión de expertos nomeada polo Consello de Europa defendía o modelo que agora se estaba a desenvolver no ensino (Consello de Europa 2008: 127-128), ao intentar recuperar para o galego unhas competencias e uns usos que tradicionalmente lle foron negados.

Nos debates integrados na oitava lexislatura atopamos unha continuación dos argumentos que foran empregados no debate do 2007. En esencia, os deputados do grupo do PPdG, concretamente Vázquez Abad (neste momento Conselleiro de Educación) e Baamonde Díaz, volveron defender o dereito da libre opción lingüística do alumnado, o equilibrio horario para impedir a deriva a un monolingüismo en galego en moitos centros (o que, ao seu xuízo, podía derivar nunha falta de competencias en castelán) e a decisión exclusiva dos pais sobre a lingua empregada na Educación Infantil; todos estes aspectos, cómpre lembrar, serían aplicados coa entrada en vigor do decreto 79/2010<sup>23</sup>. Por outra banda, Meijón Couselo (PSdG) e Adán Villamarín continuaron a facer referencia aos consensos acadados mediante a aprobación do PXNLG e a ratificación da Carta europea, así como a incidir na necesidade de desenvolver en Galicia unhas políticas compensatorias do uso do galego no ensino, que se verían posteriormente eliminadas coa derogación do Decreto 124/2007.

Con todo, neste traballo tamén atopamos argumentos que non se empregaran na sétima lexislatura, tales como a referencia ás linguas

<sup>22</sup> No ámbito internacional, téñanse en conta os resultados altamente positivos dos programas experimentais de inmersión en francés feitos en Quebec na década dos sesenta (Lambert 1981), ou a nivel os modelos lingüísticos maioritariamente en catalán Strubell *et al.* (2011).

<sup>23</sup> Con todo, a liberdade de elección de idioma por parte do alumnado sería anulada na sentenza 1313/2012 do TSXG, como vimos anteriormente.

estranxeiras. Nunha das intervencións, Baamonde Díaz sinalara a intención do novo goberno de incorporar unha lingua estranxeira (xeralmente inglés ou francés) como terceiro idioma do currículo aos centros que así o solicitasen, tal e como se faría ao aplicarse o Decreto 79/2010. Tras consultar novamente os ditames feitos sobre as Bases do decreto pola RAG (2010) e o Consello da Cultura Galega (2010), xa tratados anteriormente, atopámonos con que estas institucións defenden que a introdución do uso das linguas estranxeiras debe facerse de xeito máis progresivo, e sen restarlle horas de uso á lingua que se ve socialmente máis desfavorecida (neste caso o galego), polo que nós sostemos que esta decisión tampouco conta cunha xustificación lingüística e pedagóxica estable que xustifique esta medida do decreto.

Outro dos aspectos que se tratan nesta lexislatura é o da consulta que se fixera aos pais nos meses previos á aplicación do novo decreto. Ante esta cuestión, a deputada Adán Villamarín (BNG) criticara a suposta falta de rigor das enquisas, aspecto que se ve apoiado non só polas institucións da lingua antes mencionadas, senón polo grupo de xuristas que elaborara un manifesto sobre as Bases do decreto (Alfaya *et al.* 2009), e no que se defende a ilexitimidade e a falta de amparo legal destes e doutros puntos do decreto. Como resposta, o PPdG volvera defender a suposta necesidade de partir da opinión dos pais para esta decisión, pero sen contar co apoio dos especialistas que criticaron duramente esta cuestión.

Visto o anterior, queda de manifesto que o tipo de argumentos empregados polos deputados e deputadas do PSdG e do BNG contaban con xustificación empírica, ao atoparse un discurso semellante en varias sentenzas xudiciais e publicacións especializadas feitas ao respecto. Pola contra, moitos dos argumentos defendidos polo PPdG non contaban con este fundamento científico ou xurídico, ata o punto de que o propio Decreto 79/2010 se viu sometido a diferentes modificacións feitas polo TSXG.

No ano 2011 o Consello da Cultura Galega publicou os resultados dun estudo onde se pretendía recoller unha visión actualizada das actitudes lingüística da cidadanía galega, continuando o traballo que se fixera varios anos atrás coa publicación do terceiro volume do *Mapa sociolingüístico de Galicia*. Á hora de responder a pregunta sobre se o galego debería ser a lingua habitual ou predominante no ensino, un 58,2% dos enquisados amosouse en desacordo total ou parcialmente, mentres que

un 33,2% estaba de acordo. Se contrastamos estes resultados cos obtidos coa mesma pregunta aplicada ao castelán, observamos que un 53,7% dos enquisados non desexaba que o castelán sexa a lingua prioritaria nas aulas, respecto ao 38,3% que apoiaba parcial ou totalmente esta idea (Monteagudo 2011: 53-54).

Considerando estas porcentaxes, coas que se evidencia un rexeitamento a un ensino monolingüe ou prioritario en calquera das dúas linguas oficiais, resulta esperable pensar que o modelo lingüístico do Decreto 79/2010 sexa percibido por moitos como un modelo que defende a “liberdade” e a “igualdade”, tal e como expresaba o PPdG nos seus discursos. Non obstante e tal e como vimos ao longo destas páxinas, a realidade subxacente a ese texto era outra, ao manterse coa súa aplicación (se non acentuarse) unha situación de desigualdade lingüística que se traduce nun descenso alarmante dos usos lingüísticos en galego por parte das novas xeracións.

Analizando estes datos, parece obvio que existe un profundo descoñecemento por parte da cidadanía galega de cal é a situación social das linguas do país, concibíndose unha distribución lingüística a partes iguais como a solución máis “lóxica” ou “xusta”. Non obstante, despois de consultar as fontes empregadas ao longo deste traballo, puidemos constatar que a desigualdade lingüística imperante en Galicia esixe unhas políticas lingüísticas que garantan a normalización da lingua socialmente máis desfavorecida, neste caso o galego.

Pese a que no propio Plan de normalización se recollía a necesidade de “levar a cabo unha campaña de sensibilización ante o uso do galego”, así como de informar á sociedade “sobre os fundamentos científicos e o valor da presenza da lingua galega no sistema educativo” (Xunta de Galicia 2006: 95-96), resultados como os da enquisa que mencionamos máis arriba parecen indicar que o goberno do bipartito non soubo transmitir debidamente a xustificación das políticas e acción compensatoria que se aplicaron co Decreto 124/2007. Por este motivo, resulta necesario realizar un maior labor investigador que permita coñecer en profundidade as estratexias que empregaron neste período os partidos políticos no seu discurso sobre as linguas no ensino, e que tiveron un grande impacto sobre as políticas lingüísticas que se aplicarían posteriormente. Para responder a esta necesidade, estamos a desenvolver un traballo destas mesmas características, actualmente en fase de elaboración.

## 5. Referencias bibliográficas

- Alfaya, José Manuel *et al.* (2009): *Análise xurídica das Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, [https://www.ctnl.gal/upload/not/518-d-analise\\_xuridica\\_bases\\_decreto\\_20-1-2010.pdf](https://www.ctnl.gal/upload/not/518-d-analise_xuridica_bases_decreto_20-1-2010.pdf) [consulta: 24/11/2020].
- Álvarez, Elisa (2007): “Al menos el 50% de las clases se impartirán en gallego el próximo curso”, *La Voz de Galicia* 22/02/2007, [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2007/02/22/50-clases-impartiran-gallego-proximo-curso/0003\\_5572265.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2007/02/22/50-clases-impartiran-gallego-proximo-curso/0003_5572265.htm) [consulta: 04/10/2020].
- Consello Consultivo de Galicia (2007): *Ditame 366/2007 de proxecto de decreto para a promoción do gallego no ensino, no marco da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, <https://www.knosys.es/ccgalicia/knpag?x=index&lang=GAL#> [consulta: 29/08/2020].
- Consello de Europa (1992): *Carta europea de las Lenguas Regionales o minoritarias*. Estrasburgo: Consello de Europa.
- (2005): *Carta europea de las Lenguas Regionales o Minoritarias: aplicación de la Carta en España*. Estrasburgo: Consello de Europa.
- (2008): *Carta europea de las Lenguas Regionales o Minoritarias: aplicación de la Carta en España*. Estrasburgo: Consello de Europa.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (15/09/1995): *Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidos nos diferentes niveis non universitarios*, en *Diario Oficial de Galicia* núm. 178 (15/09/1995), [http://www.edu.xunta.gal/centros/ceivilalaura/?q=system/files/Decreto%20247-1995%20normalizacion%20linguistica\\_0.pdf](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceivilalaura/?q=system/files/Decreto%20247-1995%20normalizacion%20linguistica_0.pdf) [consulta: 25/09/2020].
- (29/06/2007): *Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do gallego no sistema educativo*, en *Diario Oficial de Galicia* 125 (29/06/2007), pp. 11247-11251.
- (11/10/2007): *Orde do 5 de outubro do 2007 pola que se convocan accións que potencien o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil en centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia*, en *Diario Oficial de Galicia* 198 (11/10/2007), pp. 16681-16684.
- (5/05/2010): “A competencia oral e escrita do alumnado de 4.º da ESO é semellante en gallego e en castelán, segundo unha investigación da USC”, Portal da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, 5/05/2010, <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/762> [consulta: 22/11/2020].
- (5/05/2010): *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo non universitario de Galicia*, en *Diario Oficial de Galicia* 97 (5/05/2010), pp. 9242-9247.
- Consello da Cultura Galega (2010): *Ditame do Consello da Cultura Galega sobre as “Bases para a elaboración do Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia”*, [http://www.steg.gal/galego/consello\\_cultura\\_galega\\_ditame\\_bases\\_decreto.pdf](http://www.steg.gal/galego/consello_cultura_galega_ditame_bases_decreto.pdf) [consulta: 23/11/2020].
- Constitución Española (1978): *Constitución Española aprobada polas Cortes en sesións plenarias do Congreso dos Deputados e do Senado celebradas o 31 de outubro de 1978. Ratificada polo pobo español en referendo o 6 de decembro de 1978. Sancionada por S. M. o Rei ante as Cortes o 27 de decembro de 1978*, <https://www.boe.es/legislacion/documentos/ConstitucionGALLEGO.pdf> [consulta: 19/02/2019].
- Costas, Xosé-Henrique (coord.) (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Cristobo, Lois (2005): “Currás proclama que a lingua é o noso sinal de identidade”, *La Voz de Galicia* 22/01/2005, [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/television/2005/01/22/0003\\_3394235.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/television/2005/01/22/0003_3394235.htm) [consulta: 25/08/2009].
- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981): *Boletín Oficial del Estado* 28/04/1981, pp. 8997-9003.
- Fernández, Agustín; Anxo Lorenzo e Fernando Ramallo (2008): *A planificación lingüística nos centros educativos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Formoso, Valentina e Mercedes Queixas (2011): “A necesaria potenciación da lingua galega en educación infantil nos contextos castelanfalantes”, en Bieito Silva, Xesús Rodríguez e Isabel Vaquero (coords.): *A planificación para a normalización lingüística nos centros de ensino non universitarios. Actas das II Xornadas “Educación e linguas en Galicia”*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 41-43, DOI: <http://dx.doi.org/10.3309/978-84-9887-818-9>.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009): “Lingua galega e preconceito”, *Revista Galega de Filoloxía* 10, pp. 115-144.

- González, Manuel *et al.* (2008): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II: usos lingüísticos en Galicia*. Santiago de Compostela: Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.
- Gradín, Mario (2020): “Análise comparativa dos dous últimos decretos de distribución de linguas no ensino galego”, *Revista Galega de Filoloxía* 12, pp. 31-65, DOI: <https://doi.org/10.15304/elg.12.5747>.
- Iglesias, Ana (2002): *Falar galego: “no veo por qué”. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Xerais.
- (2017): “Programas de inmersión, mantemento e submersión das linguas de Galicia”, *Revista Galega de Educación* 69, pp. 50-57.
- Instituto Galego de Estatística (2003, 2008, 2013 e 2018): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*, [https://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004](https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004) [consulta: 23/12/2020].
- Janeiro, Xosé Luís e Andres Alonso (2013): “A lingua galega no ensino: reflexións sobre o decreto 124/2007”, *A letra miúda. Revista de sociolingüística para o ensino* 3, [http://consellodacultura.gal/fondos\\_documentais/web/coordinadoraendl/aletramiuda/index.php?art=art5\\_n3.html](http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/web/coordinadoraendl/aletramiuda/index.php?art=art5_n3.html) [consulta: 18/10/2020].
- Lambert, Wallace (1981): “Un experimento canadense sobre desarrollo de competencia bilingüe: programa de cambio de lingua hogar-escuela”, *Revista de Educación* 268, pp. 167-177.
- López de Castro, Héctor (2010): “Necesidade de habilitación legal e de potestade regulamentaria: a controvertida pregunta de Educación Infantil”, en Luís Villares (coord): *Estudos Xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo*. Ames: Lairovento, pp. 189-201.
- Loredo, Xaquín e Bieito Silva (2014): “Variables asociadas á competencia gramatical e léxica en galego e castelán do alumnado de Galicia ao final do ensino obrigatorio”, *Revista de Investigación en Educación* 12, pp. 191-208, <http://reined.webs.uvigo.es/index.php/reined/article/view/257> [consulta: 21/11/2020].
- Lorenzo, Anxo (2005): “Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego”, *Cadernos de lingua* 27, pp. 37-59.
- Monteagudo, Henrique (dir.) (2011): *A(s) lingua(s) a debate: inquérito sobre sobre opinións, actitudes e expectativas da sociedade galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Monteagudo, Henrique e Xan Bouzada (2002): *O proceso de normalización do idioma galego. 1980-2000. Volume II. Educación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Monteagudo, Henrique; Puri Carballo e Håkan Casares (2008): *O idioma galego na sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2008*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Monteagudo, Henrique; Xaquín Loredo e Martín Vázquez (2016): *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*. Santiago de Compostela: Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.
- Núñez, Manuel Antonio (2003): “Constitución y multilingüismo. Introducción y jurisprudencia del tribunal constitucional español”, *Revista Chilena de Derecho* 2, pp. 331-343.
- Parlamento de Galicia (12/09/2007): “Sesión plenaria. 12 de setembro do 2007”, *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, VII lexislatura, 93, <http://www.es.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaDiarioSesions/D70093.pdf> [consulta: 29/07/2020].
- Parlamento de Galicia (24/06/2009): “Sesión plenaria. 24 de xuño do 2009”, *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, VIII lexislatura, 12, <http://www.es.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaDiarioSesions/D80012.pdf> [consulta: 04/10/2020].
- Parlamento de Galicia (10/02/2010): “Sesión plenaria. 10 de febreiro do 2010”, *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, VIII lexislatura, 36, <http://www.es.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaDiarioSesions/D80036.pdf> [consulta: 15/10/2020].
- Parlamento de Galicia (23/02/2010): “Sesión plenaria. 23 de febreiro do 2010”, *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, VIII lexislatura, 37, <http://www.es.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaDiarioSesions/D80037.pdf> [consulta: 15/10/2020].
- Parlamento de Galicia (12/05/2010): “Sesión plenaria. 12 de maio de 2010”, *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*, VIII lexislatura, 50, <http://www.es.parlamentodegalicia.es/sitios/web/BibliotecaDiarioSesions/D80050.PDF> [consulta: 20/10/2020].
- Pérez, Paula (2009): “La mayoría de los padres prefiere que sus hijos estudien en castellano en Primaria y Secundaria”, *Faro de Vigo* 1/08/2009, p. 19.
- Real Academia Galega (2010): *Análise das bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega, <http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/238> [consulta: 03/12/2020].

- [s.a.] (2007): “Tan gallego como el gallego”, blog *abrelosojos2006* 13/03/2007, <http://abrelosojos2006.blogspot.com.es/> [consulta: 06/10/2020].
- [s.a.] (2009): “Feijóo: ‘Algo se está haciendo mal, me sorprende que me pregunten si Galicia es una nación o no’”, *Libertad Digital* 30/01/2009, <https://www.libertaddigital.com/nacional/fejoo-nosotros-no-queremos-mas-coalicion-que-la-que-salga-de-las-urnas-con-los-gallegos-1276349526/> [consulta: 24/09/2020].
- Sampedro, D. e E. Álvarez (2009): “El PP se desmarca ahora del plan del gallego impulsado por Fraga”, *La Voz de Galicia* 21/05/2009, [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2009/05/21/pp-desmarca-plan-gallego-impulsado-fraga/0003\\_7731542.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2009/05/21/pp-desmarca-plan-gallego-impulsado-fraga/0003_7731542.htm) [consulta: 01/10/2020].
- Silva, Bieito (ed.) (2010a): *Avaliación da competencia do alumnado de 4.º da ESO nos idiomas galego e castelán*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Silva, Bieito (2010b): “As linguas no sistema escolar de Galicia”, en Bieito Silva, Xesús Rodríguez e Isabel Vaquero (coords.): *Educación e linguas en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 39-61, DOI: <http://dx.doi.org/10.3309/978-84-9887-535-5>.
- Strubell, Miquel *et al.* (2011): *Resultats del model lingüístic escolar de Catalunya: l'evidència empírica*. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya.
- Subiela, Xaime (2002): “Política lingüística a debate”, en Henrique Monteagudo *et al.*: *A normalización lingüística a debate*. Vigo: Xerais, pp. 131-171.
- Taboada, X. A. (2009): “Educación tratará las consultas a los padres como ‘decisivas’ para el decreto del gallego”, *Faro de Vigo* 6/6/2009, p. 21.
- Tribunal Constitucional (1994): *Sentencia 337/1994*, en *Boletín Oficial del Estado* 19, pp. 26-60.
- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (2007): *Sentencia 01084/2007, del 21 de noviembre del 2007, por la que se resuelve el recurso interpuesto por la Asociación Gallega por la Libertad de Idioma contra el Decreto 124/2007, del 28 de junio, de la Xunta de Galicia sobre el uso y la promoción del gallego en el sistema educativo*, <https://www.cig-ensino.gal/descargas/01469.pdf> [consulta: 12/09/2020].
- (2012): *Sentenza 01286/2012, do 21 de novembro*, <http://www.poderjudicial.es/search/AN/open-Document/flfla2e326a0aa6b/20121228> [consulta: 05/10/2020].
- (2012): *Sentenza 1313/2012, do 28 de novembro*, <http://www.poderjudicial.es/search/indexAN.jsp?org=ap-ts&comunidad=12> [consulta: 05/10/2012].
- Varela, Amelia e Dolores Oubiña (2011): “A experiencia das liñas de galego no EEI da Pastora, Cambados”, en Bieito Silva, Xesús Rodríguez e Isabel Vaquero (coords.): *A planificación para a normalización lingüística nos centros de ensino non universitarios. Actas das II Xornadas “Educación e linguas en Galicia”*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 65-74, DOI: <http://dx.doi.org/10.3309/978-84-9887-818-9>.
- Villares, Luís (2010): “Estudo sobre a legalidade do ‘Decreto 79/2010 para o plurilingüismo non universitario de Galicia’. Unha perspectiva constitucional”, en Luís Villares (coord.): *Estudos xurídicos sobre o decreto para o plurilingüismo*. Ames: Laidvento, pp. 9-56.
- Xunta de Galicia (1983): *Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística*, en *Diario Oficial de Galicia* 84 (14/07/1983), pp. 1893-1899.
- (2006): *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.